


CAMPUS TERRA

---

# Memoria actividades 2024






# Índice

<b>ANTEDECENTES</b>	5
<b>DIMENSIÓN 01. GOBERNANZA</b>	11
Puntos de control	12
<b>1. Traballo realizado polas comisións da gobernanza do Campus Terra 2024</b>	13
1.1. Reunións das Comisións Áreas de Traballo	13
1.2. Reunións Comisión Asesora Externa	14
1.3. Reunión Comisión Coordinación	15
1.4. Reunión Comisión Reitora	15
1.5. Creación Comisión Seguimento	15
1.6. Xuntanza de colaboración entre os Campus de Especialización acreditados polo SUG	17
<b>DIMENSIÓN 02. DOCENCIA E COMUNICACIÓN</b>	19
Puntos de control	20
<b>2. Liñas de actuación e accións executadas en 2024 - Docencia</b>	21
2.1. Estratexia Titulacións	21
2.1.1. Desenvolvemento novo modelo Titulacións	21
2.1.1.1. Accións encamiñadas a captación en titulacións con baixo número de alumnos/as	21
2.1.1.2. Outras accións	23
2.1.2. Creación de novos másters	24
2.1.3. Ampliación da oferta de formación continua alumnado	23
2.2. Mellora da calidade docente	25
2.2.1. Formación innovación educativa do profesorado	25
2.2.2. Plan de mellora de infraestruturas e equipamento docente	27
2.2.3. Programa de seminarios impartidos por profesionais expertos	30
2.2.4. Renovación e adquisición selos calidade	35
2.3. Favorecer a empregabilidade dos egresados/as	35
2.3.1. Oferta formación transversal para estudantes	35
2.3.2. Programa de prácticas no rural «Retorna ao Rural con CTerra»	38
2.3.3. Festival de Emprego: Emprega-T Fest	40
2.4. Desenvolver Plan de Comunicación Campus Terra	42
2.4.1. Comunicación interna	43
2.4.2. Captación estudantes titulacións con baixo nº alumnos/as	45
2.4.3. Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo	45
2.4.4. Darnos a coñecer fóra de Galicia	46
2.4.5. Actualización e reforzo web Campus Terra	47
2.4.6. Reforzo no impacto das RRSS Campus Terra	47

<b>DIMENSIÓN 03. INVESTIGACIÓN</b>	51
Puntos de control	52
<b>3. Liñas de actuación e accións executadas en 2024 - Investigación</b>	53
3.1. Novas estruturas para fortalecer a investigación	53
3.2. Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional	56
3.2.1. Programa «Xermolos». Bolsas de iniciación a investigación CTerra 2024	56
3.2.2. Programa contratos predoutorais propios CTerra	57
3.2.2.1. Convocatoria 2022 2.º ano	57
3.2.2.2. Convocatoria 2023 1.º ano	57
3.2.3. Programa contratos posdoutorais propios CTerra 2022	58
3.2.4. Financiamento adicional Ramón y Cajal	58
3.2.5. Estadías contratos predoutorais convocatoria 2023	59
3.2.6. Formación en competencias transversais pre e posdoutorais	60
3.2.7. Eventos organizados pola asociación Agromar	61
3.2.8. I Congreso Ibérico Mocidade Investigadora Campus Terra «Raíces do coñecemento»	61
3.3. Potenciar a colaboración entre GI e participación en redes	63
3.3.1. Proxectos colaborativos 2024	63
3.3.2. Participación en redes internacionais e mobilidade	64
3.4. Participación en proxectos internacionais	66
3.5. Contratación técnico de Innovación e Xestión de I+D+i	68
<b>DIMENSIÓN 04. INTERACCIÓN CO TECIDO PRODUTIVO</b>	69
Puntos de control	70
<b>4. Liñas de actuación e accións executadas en 2023 - Interacción Tecido Produtivo</b>	71
4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra (PICTERRA)	71
4.2. Programas de formación «a demanda» para o sector produtivo	71
4.3. Impulso de plataformas científicas-tecnolóxicas do Campus Terra	73
4.3.1. Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)	74
4.3.2. Plataforma de construción en madeira estrutural (PEMADE)	75
4.3.3. Xenómica Funcional	76
4.3.4. Sistemas de Información Territorial (SIT)	76
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	76
4.4.1. I Programa de Activación a Transferencia de Coñecemento no CTerra	76
4.5. Actividades de Transferencia e Innovación	77
4.5.1. Eventos de transferencia e emprendemento realizados en 2024.	78
4.5.2. Creación de empresas basadas en resultados de investigación.	86
4.6. Contratación técnica de Transferencia e Emprendemento	87
<b>DIMENSIÓN 05. INFORMACIÓN PÚBLICA E TRANSPARENCIA</b>	89
<b>5.1. Informe anual e estudo impacto entorno</b>	91

# Antecedentes



O día 27 de xullo de 2022 asinouse en Santiago de Compostela o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Na **cláusula PRIMEIRA** do convenio, descríbese o obxecto de dito convenio, sendo os principais obxectivos consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra. Na Táboa 1 detállanse as actuacións propostas a realizar e o seu custe durante as distintas anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025 cun orzamento total de 4.000.785,00 €. Na **Táboa 2** figura o financiamento proposto modificado para 2024 e reflexado na Primeira Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do SUG asinado en maio de 2024. Na mesma Táboa figura o orzamento finalmente executado para cada dimensión.

Na **cláusula CUARTA** sobre financiamento, detállanse os conceptos aos que poden ir destinados as axudas:

- «Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:
- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias».

A fórmula de pagamento indicase na **cláusula QUINTA**:

«Para o pagamento, a Universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas no Convenio asinado o 27/07/2022, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración».

A **cláusula OITAVA** sobre a vixencia do convenio establece que o citado convenio «entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2025».

**Táboa 1.** Resumo de actuacións por anualidades segundo convenio asinado 27/07/2022


DIMENSIÓNS	2022	2023	2024	2025	Suma €	Σ/Dimen. €	%
<b>1. Gobernanza</b>							
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	17.700	10.700	10.700	10.700	49.800	<b>66.800</b>	<b>1,67</b>
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	2.500	2.500	2.500	17.000		
<b>2. Docencia e Comunicación</b>							
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	47.490	35.000	31.000	29.000	142.490	<b>945.738</b>	<b>23,64</b>
2.2. Mellorar a calidade docente	228.394	130.000	130.000	95.000	583.394		
2.3. Favorecer a empregabilidade	41.901	40.581	40.581	20.791	143.854		
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	30.000	16.000	15.000	15.000	76.000		
<b>3. Investigación</b>							
3.1. Reforzo estruturas investigación	-	45.000	30.000	15.000	90.000	<b>2.541.197</b>	<b>63,51</b>
3.2. Potenciar a carreira investigadora	231.934	641.752	558.068	399.193	1.830.947		
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	135.000	110.000	85.000	20.000	350.000		
3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	32.000	33.000	30.000	119.132		
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	35.868	41.000	42.000	32.250	151.118		
<b>4. Interacción co tecido produtivo</b>							
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus	8.153	8.847	4.000	4.000	25.000	<b>441.050</b>	<b>11,02</b>
4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	4.000	4.000	2.000	13.800		
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	27.300	24.000	24.000	15.000	90.300		
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	600	22.100	22.100	21.900	66.700		
4.5. Actividades de transferencia innovación	29.144	25.000	24.000	18.000	96.144		
4.6. Contratación técnico/a de transferencia	33.856	41.000	42.000	32.250	149.106		
<b>5. Información pública e transparencia</b>							
5.2. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500	1.500	1.500	6.000	<b>6.000</b>	<b>0,15</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>906.272</b>	<b>1.230.980</b>	<b>1.099.449</b>	<b>764.084</b>		<b>4.000.785</b>	<b>100,0</b>



**Táboa 2.** Desagregación do financiamento Campus Terra 2024

ACTUACIÓNS 2024	ORZAMENTADO CONVENIO MODIFICADO 2024 €
<b>1.Gobernanza</b>	
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	10.700
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	2.500
<b>Total</b>	<b>13.200</b>
<b>2.Docencia e Comunicación</b>	
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	31.000
2.2. Mellorar a calidade docente	119.000
2.3. Favorecer a empregabilidade	40.581
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	26.000
<b>Total</b>	<b>216.581</b>
<b>3.Investigación</b>	
3.1. Reforzo estruturas investigación	15.000
3.2. Potenciar a carreira investigadora	592.455
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	74.613
3.4. Participación en proxectos internacionais	16.500
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	49.500
<b>Total</b>	<b>748.068</b>
<b>4.Interacción co tecido produtivo</b>	
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas	4.000
4.2. Formación continua sector produtivo	4.000
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	24.000
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	22.100
4.5. Actividades de transferencia innovación	18.000
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	48.000
<b>Total</b>	<b>120.100</b>
<b>5.Información pública e transparencia</b>	
5.1. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500
<b>TOTAIS</b>	<b>1.099.449</b>

Na **Figura 1** preséntase a distribución porcentual dos importes asignados a cada unha das dimensións para o periodo 2022-2025.




**Fig. 1.** Distribución porcentual do financiamento para cada unha das dimensións

En cumprimento da cláusula QUINTA, achégase no presente documento a memoria xustificativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos na anualidade 2024, manifestando detalladamente as actuacións realizadas para cada unha das dimensións e en cada unha das accións contempladas no plan de actuación 2024 do Campus Terra.

# Dimensión 01

---

## Gobernanza



### Puntos de control:

Foron cumpridos os dous puntos de control establecidos no Protocolo asinado o 6 de setembro de 2021 (DOG 173, 08/09/2021) a través das actuacións que se detallan a continuación:

**Punto de control 1.** *Verificarase que a dualidade Campus Terra vs. Campus Lugo non sexa un elemento de distorsión que dilúa a marca de especialización que ostenta o Campus Terra no ámbito xeral do Campus Lugo.*

Para evitar dita dualidade en 2022 creouse a figura de delegada do reitor para Campus Terra a cal se fai cargo da dirección do campus de especialización, mantendo as sinerxías e coordinación necesaria co Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo.

**Punto de control 2.** *Todas as comisións de gobernanza deben iniciar o seu traballo de maneira urxente e manter a súa actividade de forma regular (para o que se solicitarán informes e actas de reunións). Debe velar por unha adecuada composición de igualdade de xénero entre os seus integrantes.*

As oito comisións que forman parte da gobernanza do Campus Terra foron postas en marcha antes do peche do exercicio 2022. Intentouse conformalas tendo en conta a paridade e que todos os ámbitos de coñecemento e centros vinculados a Campus Terra estiveran representados. Neste ano 2024 fíxose unha modificación na composición da Comisión Reitora como figura un pouco máis adiante no seguinte epígrafe.

# 1. Traballo desenvolto polas distintas comisións na Gobernanza do Campus Terra 2024

---

## 1.1. Reunións das distintas comisións das áreas de traballo e temas tratados

Neste ano, no caso das comisións de Docencia e de I+D+i fixéronse tres reunións para atender os seguintes asuntos:

**Comisión de Docencia:** tomáronse decisións sobre novas iniciativas relacionadas coa organización de eventos para dar a coñecer as titulacións do Campus Terra a futuros estudantes e novas estratexias de comunicación, o modo de reparto do número de bolsas de prácticas no rural por centros, reiterouse o apoio ao Máster Universitario en Biociencias Moleculares e ao selo de calidade internacional da Facultade de Veterinaria, así como o reparto de fondos por centros para equipamento docente. Tamén anunciouse a nova convocatoria de cursos de formación de innovación para docentes e transversais par estudantado, así como o financiamento para seminarios de expertos a impartir en cada centro docente.

Por outro lado, na terceira reunión desenvolta o 30 de outubro tratouse o tema da próxima reacreditación do Campus Terra para un novo período, para o cal consideramos necesario informar aos decanos e dirección de todos os centros implicados para que aporten as súas suxestións ou demandas cara o futuro.

**Comisión de I+D+i:** Ademais de valorar o traballo realizado no ano 2023 (destacando a captación de 2 Beatriz Galindo para o Campus), mostráronse os resultados da enquisa realizada aos bolseiros de iniciación a investigación 2023, os cales manifestaron unha puntuación alta de satisfacción, de feito algúns deles decidiron iniciar a súa carreira investigadora no Campus. Perfiláronse as novas condicións da convocatoria de bolsas de iniciación a investigación 2024 (4 meses de duración optando a nove liñas de investigación para que todos os centros do Campus puideran optar a elas) e deseñouse a nova convocatoria de proxectos colaborativos, este ano coa condición de que foxen liderados por investigadores mozos/as. Tamén decidiuse levar a cabo un Congreso organizado pola xente moza do Campus, formando parte do Comité Científico e do Comité Organizador do mesmo. En canto a difusión do ámbito investigador en 2024 puxéronse en marcha varias iniciativas: creación dun blog na páxina web do Campus Terra facendo entrevistas aos investigadores menos coñecidos, comezando polos investigadores posdoutorais. Estas entrevistas tamén son publicadas semanalmente nas RRSS Instagram e en LinkedIn co fin de dar visibilidade a gran capacidade investigadora que ten o Campus. Así mesmo todas aquelas investigacións de transferencia ao sector produtivo publícanse na Plataforma Innova de Campo Galego, que iniciou a súa actividade en outubro de 2023. Outra cuestión importante para dar a coñecer a transferencia que se fai no Campus e ofertar os servizos que os grupos de investigación fan, para elo creouse o punto de información centralizada PICTERRA, que votou a andar recentemente.

Outra cuestión importante que se tratou na última reunión da Comisión de Investigación foi a importancia de que os campus periféricos obtiveran vantaxes en positivo cando se solicitan bolsas, contratos predoutorais e posdoutorais con respecto aos campus centrais.

Por outro lado, na terceira reunión desenvolta o 31 de outubro tratouse o tema da próxima reacreditación do Campus Terra para un novo período, para o cal consideramos necesario informar aos representantes desta Comisión para que aporten as súas suxestións ou demandas cara o futuro.

**Comisión de Internacionalización:** mostrouse o nivel de captación importante de fondos europeos a través de proxectos no Campus Terra, pero tamén quedaron reflectidas as dificultades que existen de vencellar a actividade a Campus Terra cando se trata de grupos de investigación bicampus. O Campus Terra incorporouse a rede europea AKIS e foi presentado na reunión de Campus de Excelencia Internacional (CEIs), celebrada na Universidade de Córdoba.

**Comisión Interacción co tecido produtivo:** mostráronse e debateron as accións a realizar en 2024 (oferta de cursos e seminarios orientados ao sector produtivo, continuación do I Programa de Activación de Transferencia de Coñecemento de Campus Terra, II Feira de Primavera Muller Rural, I Festival Emprega-t Fest e IV Creative Jam «Reinvento o Rural».

As actas de todas a reunións poden ser consultadas en «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza**.

### 1.2. Comisións asesoras externas

Nesta anualidade a **Comisión Científica Externa** reuniuse en dúas ocasións, o día 11 de xullo e o día 18 de novembro de 2024.

Na reunión do 11 de xullo, ademais de presentar o informe por parte do Campus Terra das accións que se levaron a cabo ata o momento de celebración desta reunión, o tema tratado principalmente foi como desenvolver o novo centro de referencia no Campus Terra no ámbito «Unha única saúde».

O 18 de novembro faise unha segunda reunión co fin de valorar o traballo realizado en Campus Terra ao longo do exercicio 2024 e a consecución dos seus obxectivos, así como o grao de cumprimento con respecto aos condicionantes sinalados pola Comisión Avaliadora do Campus Terra no seu Informe Final e no Protocolo asinado en setembro de 2021. Dita Comisión elaborou un informe de seguimento con data de 19 de novembro a partir da información aportada dende a dirección do Campus Terra. Así mesmo, nesta reunión traballouse tamén en idear o Proxecto Estratéxico para a renovación a acreditación do Campus Terra par os próximos 4 anos.

En «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza** achéganse as actas de ditas reunións, así como o informe anual remitido por esta Comisión.

A **Comisión Económica-Social** reuniuse o 21 de outubro de 2024. Nesta ocasión, ademais de dar conta dos avances realizados no terceiro ano desta etapa do Campus Terra, déronse a coñecer os resultados do estudo de impacto económico que ten Campus Terra sobre o seu entorno e fíxose partícipe a esta Comisión da ideación no novo centro de investigación do campus no ámbito de «Una única saúde», previa charla expositiva dunha experta neste tema, e tamén falouse de necesidades futuras sobre transferencia a sociedade que se poidan abordar na próxima etapa.

Na acta de dita reunión recóllense as intervencións que xurdiron durante a mesma (pode consultarse en «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza**).

### 1.3. Comisión de Coordinación

O 18 de xullo reuniuse a Comisión de Coordinación, formada por un coordinador/a de cada unha das catro áreas de traballo, o vicerreitor do campus de Lugo, os dous técnicos do Campus Terra e a delegada do mesmo. Nesta reunión faise un resumo das actividades realizadas ata ese momento e o que queda por facer ata o mes de novembro, recollendo todas aquelas aportacións que facilitan os seus compoñentes (ver acta en «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza**).

### 1.4. Comisión Reitora

En Consello de Goberno de 24 de Xullo de 2024 aprobouse a modificación da Comisión Reitora do Campus Terra atendendo a recomendación da Secretaría Xeral de Universidades realizada na Comisión de Seguimento celebrada o 20 de febreiro de 2024 «*a Secretaría Xeral de Universidades recomenda a evolución dos seus órganos, en especial de Comisión Reitora para incorporar a presenza do sector empresarial e limitar e/ou perfilar a presenza neste órgano para gañar operatividade*». Foi aprobada a seguinte composición da Comisión Reitora do Campus Terra:

- Reitor/a
- Vicerreitor/a Organización Académica e Coordinación do Campus de Lugo
- Xerente/a
- Delegado/a Campus Terra
- Un/a representante decanos/directores centros docentes do Campus
- Dous representantes Xunta de Galicia
- Un representante Deputación Provincial de Lugo
- Un representante Concello de Lugo
- Dúas empresas

As principais funcións desta Comisión son aprobar a Memoria Anual das actividades propostas para cada anualidade, así como o Plan de Actividades para o ano seguinte. Reuniuse o día 21 de novembro para a aprobación da memoria anual das actividades e accións desenvolvidas en 2024 (ver acta en «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza**)

Na Táboa 3 detállanse as datas das reunións efectuadas en 2024 das distintas Comisións. En «**Outra documentación de soporte**» - **Gobernanza** poden consultarse as actas de ditas reunións.

### 1.5. Creación Comisión de Seguimento

O 20 de febreiro de 2024 creouse a Comisión de Seguimento do Campus Terra. Esta comisión ten como obxectivo impulsar as accións do Campus Terra segundo o protocolo e convenio de colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Ademais de constituírse a Comisión de Seguimento, nesta reunión visitáronse

varias das instalacións punteiras coa que conta o campus e revisouse o grao de cumprimento dos indicadores de seguimento do Campus Terra.

Forman parte desta comisión o Secretario Xeral de Universidades, a Subdirectora Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Xunta de Galicia, a Xefa do Servizo de Planificación e Estruturação da Investigación da Xunta de Galicia, a Vicerreitora de Política Científica da USC, o Director da Área de Promoción e Estratexia Científica da USC e a Delegada do Reitor para o Campus Terra da USC.

## 1.6. Xuntanza de colaboración entre os campus de especialización acreditados polo SUG

O 20 de setembro de 2024, tivo lugar no campus a segunda xuntanza de colaboración entre os campus de especialización acreditados pola Xunta de Galicia das tres universidades galegas: Campus Industrial de Ferrol, Campus Auga de Ourense e o Campus Terra de Lugo.

Entre os obxectivos principais desta colaboración de traballo atópanse a promoción da cooperación entre as tres institucións, a posta en común de proxectos e investigacións, o establecemento de sinerxías e fortalecer o Sistema Universitario de Galicia. A cooperación suporá un beneficio directo no fortalecemento das estruturas dos campus non centrais, aproveitando as súas potencialidades e facéndoos máis competitivos e especializados.

Ademais nesta xornada participou o Secretario Xeral de Universidades, a Subdirectora Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Xunta de Galicia, a Xefa do Servizo de Planificación e Estruturação da Investigación da Xunta de Galicia e o Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo.

Tras a reunión, os participantes visitaron diversas instalacións do campus, como a Aula de Produtos Lácteos, o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina ou a Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (PEMADE).






**Táboa 3.** Datas das distintas reunións das comisións celebradas en 2024 e porcentaxe de mulleres que forman parte delas.

COMISIÓN	% MULLERES	DATA REUNIÓNS
1. Comisión Área I+D+i	42,8 %	15/01/2024 14/06/2024 31/10/2024
2. Comisión Área Docencia	60 %	18/01/2024 19/06/2024 30/10/2024
3. Comisión Área Internacionalización	57 %	04/07/2024
4. Comisión Área Relación co Entorno	50 %	14/07/2024
5. Comisión Coordinación	50 %	18/07/2024
6. Comisión Científica Externa	50%	11/07/2024 18/11/2024
7. Comisión Económica-Social	42 %	21/10/2024
8. Comisión Reitora	45,4 %	21/11/2024
<b>9. Creación Comisión de Seguimento*</b>	66,6 %	20/02/2024



# Dimensión 02

## Docencia e comunicación



### Puntos de control:

No punto 2.3. do Protocolo, nomeado como **estabilidade do modelo docente de especialización proposto**, indícanse os seguintes puntos de control:

#### Punto de control 1 (Docencia):

- *Debe incrementarse o número de estudantes que xustifican a especialización do Campus Terra naquelas titulacións da EPSE e Ciencias que teñen poucos alumnos.*
- *Cada 2 anos avaliarase o progreso na captación deses estudantes (debe producirse un incremento do 10 % de estudantes respecto ao bienio anterior), tanto nas titulacións de grao como de máster.*
- *En 2 anos debe presentarse unha planificación estratéxica de axuste dos graos aos obxectivos de especialización do campus.*

#### Punto de control 2 (Comunicación):

- *Necesidade de mellorar a comunicación interna: potenciación da identidade de pertenza ao campus de todo o persoal que o integra (alumnos, PDI, PAS...).*
- *No 2.º ano o 100 % dos grupos de interese teñen que posuír información real e fidedigna do proxecto Terra.*
- *Impulsar a proxección exterior da marca Terra (especialmente estudantes de grao e máster) en Galicia, España, estranxeiro.*
- *Mellorar a comunicación externa para captación de alumnos e investigadores, medible de xeito que ten que incrementarse polo menos un 100 % o número de seguidores en redes sociais aos 2 anos do inicio do período de acreditación.*

## 2. Liñas de actuación e accións concretas executadas en 2024 - Docencia

---

### 2.1. Desenvolvemento dun novo modelo de titulacións do Campus Terra

#### 2.1.1. Estratexia Titulacións

##### 2.1.1.1. *Accións encamiñadas a captación de estudantes de titulacións de Grao e Máster con baixo número de alumnos/as*

Os esforzos e recursos nesta anualidade foron dedicados fundamentalmente a dar a coñecer e captar alumnado en aquelas titulacións da especialización do Campus Terra que nos últimos anos tiveron un número de alumnos inferior ao marcado no Decreto 222/2011, que afectan fundamentalmente as enxeñarías do Campus Terra. Hai múltiples razóns que explican esta situación e durante este último curso académico foron moi debatidas a nivel académico, institucional e tamén social. O baixo número de alumnos (< 45 alumnos de nova matrícula para graos e 20 para máster) afectaba fundamentalmente aos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e a de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN), así como ao máster de Enxeñaría de Montes (EM), todos eles impartidos na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE), así como ao grao de Enxeñaría Química impartido na facultade de Ciencias.

Por tanto, ao igual que no exercicio anterior, os esforzos realizados en 2024 desde Campus Terra estiveron dirixidos a promoción de todas as titulacións do Campus, pero insistindo en aquelas que teñen menor número de alumnos. Para isto potenciouse a difusión das saídas laborais e a vinculación co tecido empresarial e social, así como a captación de alumnado internacional en países cun sector primario de relevancia, levando a cabo distintas accións que se describen a continuación:

#### ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

- 25 Xaneiro 2024. Visita dos estudantes do IES Xelmírez II de Santiago de Compostela do programa STEM BACH.
- 2-3 Abril 2024. Visitas de Institutos ao Campus Terra. Encontros na USC-Lugo do programa A Ponte.
- De Xaneiro a Maio. 80 charlas temáticas divulgativas en IES e CFEA de Galicia. **A EPSE foi o centro da USC que máis charlas temáticas impartiu en 2024.**
- 3 Abril 2024. I Feira de Orientación Universitaria e Formación Profesional. Organiza Concello de Lalín.
- 4 Marzo 2024 e 4 Maio 2024. César Pérez Cruzado, Ramón y Cajal do departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría e Andrés Osoro Corsino, alumno do

Máster de Montes estiveron na Feira de Emprendemento en Brión (A Coruña) con un stand ofrecendo información sobre os graos impartidos na EPSE e a súa empregabilidade, tamén impartiron charlas no instituto de Boal en Asturias.

- 20-24 Marzo 2024. Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional. Estas xornadas son organizadas polo Concello da Coruña e a UDC para dar a coñecer os estudos universitarios impartidos nas tres universidades públicas de Galicia (UDC, USC e UVIGO).
- 3 Maio 2024. II Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral. Organiza Concello de Vilagarcía.
- 23-24 Maio 2024. I Feira de Educación, Formación e Emprego de Lugo. Organiza Xunta de Galicia.
- 20-21 e 22 Xuño 2024. Xornadas de portas abertas EPSE. Acoden os pais cos estudantes interesados en cursar as diferentes titulacións ofertadas na EPSE. **Iniciativa que se organizou por primeira vez este ano.**
- 27-29 Xuño 2024. Participación da EPSE nas xornadas de Galiforest en Sergude (A Coruña).
- Setembro 2024. Inicio do programa «Coñecendo o Campus»: Visitas dos alumnos de 1.º de Agrícolas e Dobre Grao Agrícolas e Forestais a Granxa Gaioso-Castro e a empresa alimentaria Innolact.
- Durante todo o curso: Participación de docentes da EPSE dirixindo diversos proxectos no Programa STEM BACH. Presencial e seguimento *on line*.

### FACULTADE DE CIENCIAS

- Realización das xornadas «USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC». Estas xornadas consistiron nunha actividade itinerante que se foi desenvolvendo polas distintas comarcas de Galicia. A Facultade de Ciencias participou na feira de Lalín co obxectivo de promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade. A divulgación tivo como principal destinatario ao alumnado de ensino secundario. Empregáronse ferramentas de difusión e preparáronse pequenos obradoiros de carácter experimental con material e equipamento dos laboratorios da Facultade.
- **Xornadas para novos investigadores.** Xornadas de divulgación das titulacións que se están a impartir no centro dirixidas ao estudiantado dos niveis educativos de 4.º ESO, 1.º e 2.º de BAC. As xornadas leváronse a cabo durante os días 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19 e 20 de xaneiro de 2023, oito días nos que 711 estudantes se achegaron ata a Facultade de Ciencias para coñecer de primeira man as titulacións e as instalacións do centro, as saídas laborais que poden atopar ao rematar estes títulos de grao e traballar nun laboratorio de investigación como forma de promover entre o alumnado a ciencia e a investigación. Os centros educativos que participaron nestas xornadas procedentes da cidade de Lugo e concellos próximos foron: IES Ánxel Fole, IES Lucus Augusti, IES Nosa señora dos Ollos Grandes, IES SanXillao, CPI Ramón Piñeiro, Colexio Plurilingüe Franciscanos, CPR plurilingüe Divino Maestro Fundación Educativa, Inmaculada Maristas, CPI Plurilingüe de Castoverde, IES A Pinguela, IES Basanta Silva, IES Gregorio Fernández, IES Xogar Afonso Gómez y Colegio San José.

Debido ao elevado número de estudantes inscritos nestas xornadas, as actividades realizadas polos alumnos/as distribuíronse do seguinte xeito:

1. Presentación da oferta académica que se está a impartir na Facultade de Ciencias e realización dun percorrido polos espazos docentes da Facultade.
2. Visita guiada ao edificio de laboratorios nos que os estudantes tomaron contacto con algúns dos laboratorios de aplicacións mais particulares da Facultade.
3. Desenvolvemento de actividades prácticas en grupos reducidos nos laboratorios baixo a supervisión dun profesor da Facultade.

Para a realización do traballo de prácticas dos alumnos empregouse todo o equipamento docente dispoñible nos laboratorios así como material funxible asociado ás diferentes prácticas encadradas en algunhas das prácticas interactivas de laboratorio dos graos como son reactivos químicos de distinta natureza, batas de laboratorio, gafas de seguridade e luvas de látex ou nitrilo.

- A Facultade de Ciencias estivo presente nunha das cidades seleccionadas para a iniciativa baseada na divulgación científica denominada como Open Science, que tivo lugar en Cambre (A Coruña).
- Asistencia a «Feira de Educación, Formación e Emprego», celebrada no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, nos días 23 e 24 de maio do 2024, organizada pola Xunta de Galicia, con ampla asistencia de estudantado tanto de ESO e BAC como de centros de FP da provincia de Lugo.
- A Facultade de Ciencias tamén participou no programa de Xornadas de Portas Abertas de USC, o 13, 14 e 15 de xuño de 2024, recibindo a potenciais estudantes a as súas familias nun horario libre e flexible. Durante estas visitas tratouse de programar itinerarios alternativos e mais atractivos (xa que se fixeron de xeito individualizado).

### 2.1.1.2. Outras accións

- Ao igual que en anos anteriores seguiuise facendo captación de alumnado internacional de grao e máster empregando a plataforma interactiva Keystone.
- O 13 Xuño de 2024 tivo lugar o acto de recoñecemento aos 150 estudantes que acadaron os mellores expedientes dos **centros de Formación Profesional de Galicia**, celebrado por terceira vez na USC en Lugo, acto que tamén serviu para divulgar as titulacións que se imparten no Campus Terra
- **Ciencia á Feira:** Ciencia á Feira é un proxecto interxeracional de divulgación informal da ciencia que pretende levar o coñecemento académico e a tecnoloxía ás persoas residentes en lugares rurais e/o periféricos de Galicia mediante un ciclo de charlas e talleres que se realizan en centros educativos de ensino primario e secundario e nas feiras periódicas. Programa que se inicia en outubro de 2024 e remata en maio de 2025. Esta iniciativa conta coa participación de PDI e persoal investigador posdoutoral de diferentes centros do Campus Terra e financia o deseño de cartelería.
- Participación de Campus Terra nas **Xornadas de Benvida a USC curso 2024/2025**.
- Tamén foi ideado e realizado un **spot publicitario** sobre as vantaxes de estudar en Lugo, non só pola oferta de titulacións especializadas de alta empregabilidade, senón

tamén facendo fincapé nas vantaxes que ten a cidade de Lugo para vivir (<https://youtu.be/oXVY7MiRius?feature=shared>). Spot que foi difundido a nivel estatal na RRSS Tik Tok, con visualizacións que chegaron a un público de 400.000 persoas dirixidas a unha franxa de idade de 18 a 19 anos.

**Este apartado inclúe gastos da labor de difusión (desprazamentos docentes e poñentes, impresión de folletos para difusión das titulacións da especialización do Campus Terra, deseño de cartelería, material funxible laboratorios e talleres, deseño de folletos publicitarios Ciencia á Feira, contribución Xornada de Benvida curso 2024/2025, insercións publicitarias en prensa escrita, *merchandising* e custo do spot publicitario para captación de estudantado.**

### 2.1.2. Creación de novos másteres

O **Máster en Biociencias Moleculares**, adscrito á Facultade de Ciencias, é o máster recentemente implantado (curso 24-25) no Campus Terra para dar continuidade ao grao de Bioquímica. Foi necesario dotar laboratorios con equipamento inventariable e material funxible que se detalla a continuación:

- Mini-PROTEAN Short Plates, pk/5 1 UD - PowerPac Basic Power Supply Mini-PROTEAN Tetra Vertical Electrophoresis Cell for Mini Precast Gels, 4-gel (Spacer Plates with 1.0 mm Internal Spacers). Equipamento específico para prácticas onde un dos pasos do procedemento é unha electroforesis.
- Diverso material funxible para á realización de prácticas docentes e relativas a equipamento de PCR co que xa conta na Facultade de Ciencias: 2 Adhesive PCR Seals (AB-0558), 100 sheets /4 Placa Petri 90 mm. aséptica c/825 uds; 3 Tira tubos PCR 0.2 ml p/delgada c/tapa c/125 ; 4 Cámara Cuentaglóbulo Neubauer-Improved MF ; 3 Cubre-cámaras 20x26 mm c/10 ud ; 3 Tubo 15 ml. PP Cónico c/500 ; 2 Gradilla desm. p/100 tubos 262x108x45 b; 3 Punta transp. macro 5 ml, 2xB/250 ; 2 Filtro cel. p/macropipeta 2/5 ml. Acura b/50 ud. ; 10 Bureta grad. c/llave teflón 10 ml.

**Este apartado inclúe os gastos do material adquirido descrito no parágrafo anterior.**

### 2.1.3. Ampliación da oferta de formación continua para o alumnado

A oferta de programas de formación continua permiten ampliar e actualizar coñecementos do alumnado egresado en temas nos que existen demandas aliñadas coa especialización do Campus Terra.

Durante este curso se están a preparar os cursos de Experimentación Animal para tódalas especies en formato *online* a cargo da Facultade de Veterinaria e o Centro de Estudos Propios da USC.

Estes cursos, propostos pola facultade de Veterinaria, non ocasionaron gastos aínda xa que están en fase de elaboración.



Os 6.000 euros deste apartado foron destinados a sufragar parte dos custos de locomoción para impulsar as visitas técnicas de alumnos de titulacións do Campus Terra programadas no calendario académico 2024/2025.

## 2.2. Mellorar a calidade docente

### 2.2.1. Formación do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza

Neste apartado ofertáronse 8 cursos para profesorado nos que houbo 256 inscritos:

#### **Curso: Introducción ao uso de Mathcad II**

11.03.2024-03.04.2024 | 20 horas

N.º inscritos: 11

Profesor e coordinador: Jorge Antonio Carrazana

Organiza: Facultade de Ciencias

Neste curso explotaranse as características que converten a Mathcad nunha ferramenta de gran utilidade no ensino de materias relacionadas coas matemáticas puras e aplicadas.

#### **Curso de iniciación a Docker**

24, 25, 29 e 30 de abril e 2, 6 e 7 de maio de 2024 | 20 horas

N.º inscritos: 13

Profesorado: Rafael Rodríguez Gayoso

Coordina: Xosé Ramón Fernández Vidal

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Este curso afonda nas tecnoloxías de contedores e a súa importancia para integrais no proceso de administración de sistemas. De feito, Docker estase a converter nunha das solucións máis solicitadas para levar a cabo as implantacións de servizos na nube. Ao rematar o curso, e grazas ao carácter práctico do mesmo, os/as participantes terán os coñecementos necesarios para a xestión de contedores Docker nun entorno de servidor GNU/Linux.

#### **Curso sobre edición de documentos e presentacións en LaTeX**

29.4.2024 e 06.05.2024 | 8 horas

N.º inscritos: 18

Profesor e coordinador: Fernando Rafael Pardo Seco

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Enxeñaría

O curso ofrece formación eminentemente práctica en distintas sesións nas que se introducirán aos participantes na edición de textos científicos, TFGs, TFM, Teses doutorais, empregando LaTeX en paralelo coa realización de documentos e presentacións empregando LaTeX.

## Dimensión 02: Docencia e comunicación

As clases proporcionarán coñecementos básicos para que o alumnado poida ser autónomo trala realización da formación.

### **Curso Xestión de proxectos con Power BI**

27 e 30 de maio, 11, 13, 18, 20, 25 e 27 de xuño de 2024 | 24 horas

N.º inscritos: 41

Profesorado: Daniel Burrueco del Río

Coordina: Equipo técnico de Campus Terra

Organiza: Campus Terra

Contido: O obxectivo principal deste curso é aprender a manexar a ferramenta líder no mercado de Business Intelligence de autoconsumo: Microsoft Power BI. Aprenderemos a conectarnos a diferentes fontes de datos, a transformalos e a crear obxectos visuais e, a partir destes, informes. Presentaremos brevemente os dous linguaxes de programación que dan soporte á transformación de datos e ao modelado de métricas: M y DAX, respectivamente, e coñeceremos tamén algunhas das ferramentas que se ofrecen «na nube» para compartir informes con terceiros.

### **Curso sobre técnicas de antropometría na docencia universitaria**

03.09.2024 | 8 horas

N.º inscritos: 7

Profesorado: José Miguel Martínez Sanz

Coordina: Patricia Regal López

Organiza: Facultade de Ciencias

Este curso permite coñecer os protocolos de medición en antropometría en diferentes poboacións para a súa aplicación no contexto docente. A aplicación das medidas antropométricas para a estimación da composición corporal e a localización e recollida das medidas antropométricas básicas, pregaduras cutáneas e perímetros corporais.

### **Curso de Intelixencia Artificial para a docencia universitaria**

23 de setembro e 1, 8, 15 e 23 de outubro de 2024 | 20 horas

N.º inscritos: 85

Profesorado: Marcos Fernández Pichel e Rodrigo Martínez Castaño

Coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Este curso ten como obxectivo coñecer o uso educativo da intelixencia artificial (IA) para a docencia universitaria, aprender a integrar na docencia as ferramentas de IA no marco de diferentes estratexias metodolóxicas e analizar as posibilidades da IA na avaliación dos estudantes, cara ao pensamento crítico, a creatividade e a resolución de problemas.

### **Curso sobre utilización das TIC nos procesos de avaliación e control do plaxio na**

## docencia

23 e 24 de setembro de 2024 e 3 e 4 de outubro de 2024 | 20 horas

N.º inscritos: 40

Profesorado: Pablo César Muñoz Carril e M.ª Isabel Dans Álvarez de Sotomayor

Coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

O obxectivo do curso é afondar nos conceptos, ideas previas, alternativas posibles e tipos de avaliacións, ademais de repasar as técnicas, instrumentos e ferramentas TIC que axilicen os procesos de avaliación dos docentes (cuestionarios, enquisas en liña, rúbricas, sistemas de co-avaliación, h5p, etc.) para que poidan enfocarse no ensino. Ademais profundarase sobre aspectos relacionados co plaxio, citar e referenciar adecuadamente e o uso da ferramenta Turnitin.

### Curso Xestión de proxectos BIM

7, 10, 14, 17, 21 e 24 de outubro | 15 horas

N.º inscritos: 41

Profesorado: Juan Francisco Fernández Rodríguez

Coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

O obxectivo deste curso é coñecer e manexar os conceptos e ferramentas que ofrece a aplicación da Metodoloxía BIM na xestión de proxectos de infraestruturas, instalacións e edificación, como un proceso dinámico para o ciclo da súa vida útil, desde o deseño, modificándose e adaptándose coa carga de datos, antes e durante a súa execución.

**Gastos cursos: honorarios e desprazamentos dos poñentes, material funxible para os participantes nos casos nos que foi necesario.**

### 2.2.2. Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento docente

Co obxectivo de mellorar a calidade docente das prácticas das titulacións vinculadas ao Campus de especialización, foi necesario actualizar e adquirir novo equipamento para os seus laboratorios e material para prácticas de campo. O material adquirido descríbese a continuación, agrupado por centros segundo as diferentes titulacións de grao e máster vinculadas a Campus Terra.

### ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

**Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria, Grao en Enxeñaría forestal e do medio natural, Grao en Paisaxe, Dobre Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria e en enxeñaría forestal e do medio natural, Robótica (Agrorobótica), Máster en Enxeñaría Agronómica, Máster en Enxeñaría de Montes**

Preséntase renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nas titulacións descritas máis arriba:

- Kit Extenso, con manómetro 10 bar, escala 0,1, glicerina, clase 1.0, con conexión rápida metálica e corpo de boquilla Hardi. Adaptadores de boquilla Hardi con conexión rápida metálica.
- Soporte cuchilla completo 141.41.001.0 (ubicación 3A2).
- Cuchilla Boss Euroboss Faro 434.170 (ubicación 6T).
- Sonda de humidade, condutividade eléctrica e temperatura.
- Sensor dieléctrico para medir Potencial sin jack.
- FloraPulse-Sensor individual SDI-12.
- Aillante térmico reflectante de 30 cm\*60 cm.
- Robot agrícola NAIIO OZ. Primeira anualidade.

### FACULDADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

#### Grao en Empresa e Tecnoloxía

A implantación do novo Grao en Empresa e Tecnoloxía está incrementando o uso das aulas de informática dispoñibles na facultade (4 na actualidade). A implantación do cuarto curso do grao no curso 2024/2025 implica novos grupos de laboratorio en diferentes novas materias e por tanto necesita máis ordenadores.

- 6 CPU Ordenador I5 14400/16 GB/500 GB NVME/500 W Bronze (8 anos garantía).

### FACULDADE DE CIENCIAS

**Grao de Nutrición humana e dietética, Grao en Enxeñaría de procesos químicos industriais, Grao en Bioquímica, Máster Universitario en Enxeñaría de procesado de alimentos, Máster Universitario en Innovación en nutrición, seguridade e tecnoloxía alimentaria.**

Preséntanse equipamentos referidos a renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nas titulacións da Facultade de Ciencias:

- Texturómetro EZ-Test SX Shimadzu con varios accesorios (Gel strength evaluation set.- Flaring test JIG- Toot Press C+Compression plate). Trátase dun analizador de texturas de alimentos e de materiais. Con este equipo se levará a cabo prácticas de

diferentes materias, nas que se valorará multitude de parámetros tanto en alimentos, produtos elaborados ou incluso, novos materias con aplicacións biomédicas e agroalimentarias como a cohesividade, dureza, elasticidade, rixidez en alimentos frescos, xeles ou materiais/produtos de maior consistencia.

- Obxectivo N plan 40x/0.65 pH2 00/0.17 0.36- Leica DM filter cube+filter Qdot 625-para completar o microscopio de fluorescencia Leica DM de prácticas.
- Renovación Licencias Mathcad Education University Edition (25 licenzas por un ano).
- Oxímetro portátil OXY 7.XS (Ref: 00G-OXY7-3).

### FACULTADE FORMACIÓN DO PROFESORADO

#### **Máster Universitario en Dirección de actividades educativas na natureza.**

Este máster atende a unha demanda crecente na sociedade actual, que precisa persoas expertas e con formación para atender as accións educativas que con cada vez maior expansión teñen lugar en contornos naturais. Nel participan profesores do Campus Terra de diferentes disciplinas (educación ambiental, historia ambiental, edafoloxía, botánica, xeoloxía, ecoloxía, biodiversidade, paisaxe, arquitectura rural, etc). O material que se solicita é fundamentalmente para realizar actividades de campo para 25 alumnos:

- 8 unidades AWGT3X-BT Acelerómetro Actigraph wgt3xbt.
- 8 unidades ACMVL-GT3 Correa larga muñeca velcro Actigraph wgt3-bt.
- 8 unidades ACE Cinturón elástico Actigraph 150 cm.
- 8 APH Porto HUB + 7 cables USB Actigraph.

### FACULTADE DE HUMANIDADES

#### **Grao en Xestión Cultural e Máster en Servizos Culturais**

- Ordenador portátil MSI GE68HX 13 VG Raider para o Laboratorio Interdisciplinar de Proxectos.
- TV Samsung TU50CU8000KXX 50”.
- Soportes TV Tooq Ramses FS1170M-B.
- Handtcam Sony HDRCX405E negro para o Laboratorio Interdisciplinar de Proxectos.
- 2 Cámaras web Logitech Brio 505.
- 2 Trípodes compactos de sobremesa regulables.
- MINI PC - Procesador I5/ 16 GB RAM / SSD 512 GB/ W11 PRO.
- Switch 2x 2 HDMI.

### FACULTADE DE VETERINARIA

#### Grao en Veterinaria

Preséntanse equipamentos referidos a renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nesta titulación:

- Mesa tipo Manchester Lámpara LUXO MS Flex Plus con fixación a parede.
- Mini-PROREAN Tetra cell-4 GEL SYSTEM.
- Colour Doppler Licence.
- Ultrasound trainer dog bladder.
- Embutidora manual de mesa Reber.
- Envasadora ao vacío Tecla.
- Bomba peristáltica dispensadora dixital.
- Flexacam I5.
- Simulación can: auscultación de corazón e pulmón.
- Simulador orella e morro.
- Cámara DIG Olympus TG7.
- Reprodutor Kayser Reprokit C/Iluminación.
- Lámpada P/ Reprodutor (2).
- Guía de luz LG 37.

#### **2.2.3. Posta en marcha dun programa de participación de profesionais expertos do tecido produtivo e empresarial para impartir seminarios para estudantes**

Para o curso 2023-2024 invitáronse a 27 expertos externos relacionados coas titulacións vinculadas a Campus Terra. Os centros fixeron as súas solicitudes para poder costear desprazamentos e dietas, aloxamento e impartición de conferencias/obradoiros.

Neste apartado ofertáronse 14 seminarios e obradoiros para o estudiantado do Campus Terra nos que houbo 466 inscritos.

A continuación preséntanse o listado de seminarios e obradoiros de expertos e a temática tratada en cada caso:

#### **Obradoiro: Veterinario de reprodución como saída profesional**

01.04.2024 | 3 horas

N.º inscritos: 37

Poñente: Ismael Fernández Sánchez

Coordina: Ramiro Fouz Dopacio

Organiza: Facultade de Veterinaria

Contido: Actividade formativa que amplía e actualiza os coñecementos transversais do alumnado de grao e/ou máster, achegándoos á realidade do traballo en campo desenvolvido polos profesionais no ámbito do control reprodutivo en gando vacún. Fomentar o interese dos alumnos pola reprodución animal, a fin de presentar estas actividades como posibles saídas profesionais.

### **Obradoiro: Veterinario de Control da calidade do leite como saída profesional**

02.04.2024 | 2 horas

N.º inscrites: 18

Poñente: Mónica García Mon

Coordina: Ramiro Fouz Dopacio

Organiza: Facultade de Veterinaria

Contido: Realizar actividades formativas que amplíen e actualicen os coñecementos transversais do alumnado de grao e/ou máster, achegándoos á realidade do traballo en campo desenvolvido polos profesionais no ámbito do control da calidade do leite. Fomentar o interese dos alumnos pola sanidade animal en animais de produción, a fin de presentar estas actividades como posibles saídas profesionais.

### **Obradoiro: Nutrólogo-Alimentación animal como saída profesional**

03.04.2024 | 2 horas

N.º inscrites: 16

Poñente: Jesús de la Iglesia Barrientos

Coordina: Ramiro Fouz Dopacio

Organiza: Facultade de Veterinaria

Contido: Realizar actividades formativas que amplíen e actualicen os coñecementos transversais do alumnado de grao e/ou Máster, achegándoos á realidade do traballo en campo desenvolvido polos profesionais no ámbito da nutrición animal. Fomentar o interese dos alumnos pola alimentación animal, a fin de presentar estas actividades como posibles saídas profesionais.

### **Seminario: Estudos computacionais e simulacións en Bioquímica**

19.4.2024 | 2 horas

N.º inscrites: 33

Profesorado: Juan José Nogueira Pérez

Coordina: Enrique M. Cabaleiro Lago

Organiza: Facultade de Ciencias

Contido: O seminario aborda o emprego de ferramentas de simulación computacional para levar a cabo unha análise detallada do funcionamento dos procesos bioquímicos.

### **Seminario: A enxeñaría hidráulica na antigüidade.**

17.04.2024 | 4 horas

N.º inscitos: 66

Poñente: Isaac Moreno Gallo

Coordina: Carlos Núñez Temes

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O obxectivo do seminario é dar a coñecer ao estudiantado a pegada e relevancia da enxeñaría e das técnicas de construción na época romana, ademais de espertar o seu interese pola historia e a cultura.

### **Seminario: Dixitalización integral nas empresas agroalimentarias**

18.04.2024 | 2,5 horas

N.º inscitos: 78

Poñente: Hugo Criado

Coordina: Sandra Castro González

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contido: O obxectivo desta formación é concienciar sobre a importancia da dixitalización como ferramenta para mellorar a eficiencia, trazabilidade e sustentabilidade no sector agroalimentario. Inspirar e fomentar entre o estudiantado universitario ideas innovadoras e creativas e proporcionar formación e información sobre as tecnoloxías emerxentes e mesmo sobre as ferramentas dixitais aplicadas ao sector agroalimentario xa accesibles constitúen outros dos cometidos do curso.

### **Seminario: Cruzando camiños na oncoloxía: cancro animal e humano dende a perspectiva One Health**

07.05.2024 | 2 horas

N.º inscitos: 61

Poñente: Laura Peña Fernández

Coordina: Maribel Quiroga Berdeal

Organiza: Facultade de Veterinaria

Contido: Coa celebración deste seminario da man dunha das maiores expertas internacionais en cancro de mama nas especies canina e felina, preténdese destacar como o coñecemento adquirido ao investigar e tratar o cancro en animais contribúe directamente a avances na medicina oncolóxica para humanos, brindando perspectivas valiosas e enriquecendo o noso entendemento global destas complexas enfermidades. Este seminario encádrase no marco do proxecto de aprendizaxe e servizo ‘OncoVet-Sapiens: descubriendo a oncoloxía veterinaria en YouTube’, que pretende «democratizar» a información e facela accesible e comprensible para estudantes, titores de animais, investigadores, profesionais veterinarios e público xeral, a través dunha canle aberta de Youtube.



### **Masterclass sobre cortes singulares de carne de vacún da IXP Ternera Galega**

08.05.2024 | 3 horas

N.º inscrites: 23

Poñentes: Luis Vázquez Pérez e Héctor López

Coordina: Maribel Quiroga Berdeal

Organiza: Facultade de Veterinaria, Facultade de Ciencias e o Consello Regulador da IXP Ternera Galega e a IXP Vaca Galega/Boi Galego

Contido: Este seminario aborda aspectos tecnolóxicos, nutricionais, organolépticos e culinarios da carne da IXP Ternera Galega, ademais de tratar a importancia dos produtos amparados por distintivos de calidade diferenciada. As persoas inscritas neste programa terán a oportunidade de ampliar os seus coñecementos sobre as características organolépticas e os usos culinarios dos cortes máis tradicionais, así como outros máis singulares, a través de diferentes receitas que poñen en valor as múltiples posibilidades gastronómicas do vacún galego de calidade.

### **Seminario Internacional: Mundo rural e ditadura**

2, 3, 4, 5 setembro de 2024 | 4 horas

N.º inscrites: 29

Poñentes: Lissandro Cañón, Alba Díaz Geadá, Vera Lucía Vieira, Carla Silva

Coordina: Alba Díaz Geadá

Organiza: Facultade de Humanidades

Contido: Este seminario propónse como un espazo reflexión e análise sobre as experiencias vividas no ámbito rural durante os períodos ditatoriais en Portugal, Galiza e Brasil. A través da participación de catro destacadas profesoras, abordaranse as realidades específicas de cada rexión, destacando as similitudes e diferenzas no impacto dos réximes autoritarios nas comunidades rurais. Desde a ditadura salazarista en Portugal ata a ditadura franquista en Galiza, pasando polo réxime militar en Brasil, este seminario ofrecerá unha visión panorámica e detallada das políticas, prácticas e consecuencias para o mundo rural en cada contexto histórico.

### **Obradoiro: Adaptación da cociña a disfasia e disxeuxia**

10.09.2024 | 5 horas

N.º inscrites: 17

Poñente: José Luis Álvarez Bouso (chef)

Coordina: Asteria M. Luzardo Álvarez

Organiza: Facultade de Ciencias

Contido: O obxectivo do seminario céntrase por unha banda e adquirir coñecementos sobre técnicas culinarias sinxelas e ingredientes básicos aplicables a nivel domiciliario para a adaptación das texturas e consistencias dos alimentos sólidos e líquidos, dirixidas a casos de dificultades na deglución (disfasia) e en adquirir habilidades gastronómicas para potenciar o sabor dos pratos, tanto doces coma salgados, e mellorar a alimentación en persoas con alteracións no sentido do gusto (disxeuxia), frecuentemente asociadas á disfasia.

**Seminario Despoboamento e dinamización socioeconómica do medio rural galego a principios do século XXI**

11 setembro 2024 | 2 horas

N.º inscritos: 17

Poñente e coordinador: Antonio Doval Adán

Organiza: Facultade de Humanidades

Contido: O seminario ten por obxectivo coñecer o grao de despoboamento, abandono de terras e aldeas que afecta actualmente o medio rural galego e analizar as principais estratexias que se deben acometer para frear esta tendencia e impulsar e dinamizar a vida das persoas que viven nos asentamentos rurais de Galicia.

**Seminario: Incendios forestais. Realidade actual e futura dos grandes incendios en España**

01.10.2024 | 2 horas

N.º inscritos: 19

Poñente: Jorge de las Heras Ibáñez

Coordina: Pilar González Hernández

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O programa aborda as relacións entre o clima, a meteoroloxía e os incendios, índices de perigo meteorolóxico, cambio climático e incendios forestais; evolución do réxime de incendios en sistemas mediterráneos; respostas da vexetación ante o lume; estratexias para a restauración post-incendio; e o cambio de paradigma na extinción de incendios forestais.

**Seminario: A vida é un carnaval: os entroidos no rural**

14/10/2024 | 6 horas

N.º inscritos: 41

Poñentes: Pilar Panero, Paula Godinho, Dulce Simoes, Xosé Manuel Seixas

Coordina: Elena Freire Paz

Organiza: Facultade de Humanidades

O seminario ten por obxectivo proporcionar, por una banda, un coñecemento rigoroso sobre as prácticas relacionadas co Entroido na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, onde incidirase nos camiños percorridos para as distintas catalogacións e recoñecementos polas distintas institucións validadas para tal efecto e, de maneira destacada, pola UNESCO e por outra banda optimizar os recursos existentes na tradición do mundo rural galego para una xestión vertebrada na cultura.

**Obradoiro «Descubre como integrar os teus proxectos cunha plataforma de IOT para impulsar a súa dixitalización (III Edición)»**

17/10/2024 | 4 horas

N.º inscritos: 11

Imparte e coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: Nun mundo no que todo é intelixente e está conectado, este seminario ten como obxectivo mostrar ou poder da internet das cousas (IoT – Internet of the Things) para a administración e xestión de dispositivos conectados a través de unha plataforma intelixente como servizo (PaaS), Altair SmartWorks IOT, deseñada para proxectos de Máquina a Máquina (M2M) e proxectos de Xemelgo Dixital (Digital Twin), que permite a través de distintos módulos de IoT configurar unha base de datos, implementar lóxica personalizada, xestionar o control de acceso e crear un panel de control (dashboard) nunha contorna colaborativa, seguro e de baixo código.

**Gastos seminarios: honorarios e desprazamentos poñentes, material funxible para os participantes nos casos nos que foi necesario.**

### 2.2.4. Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións

Este ano a facultade de Veterinaria renovou o selo de calidade da EAEVE (*European Association of Establishments for Veterinary Education*).

Estes selos de calidade constata e garanten que estas titulacións compren cos estándares de calidade e atenden e dan resposta as necesidades dos sectores profesionais determinados por esta asociación europea de Veterinaria.

**Neste exercicio inclúese o custo relativo a cuota correspondente para acreditación EAEVE da titulación de Veterinaria e os custos de desprazamentos dos membros da Comisión de Avaliación.**

## 2.3. Favorecer a empregabilidade e a incorporación dos egresados/as ao mercado de traballo

### 2.3.1. Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e máster

Esta liña de actuación inclúe accións encamiñadas a ofertar actividades formativas transversais destinadas a complementar os coñecementos que os estudantes adquiren nas distintas titulacións. Existe unha clara demanda por parte do alumnado dos graos e máster que se imparten en Campus Terra sobre isto, sendo contidos que non se ofertan como materias dentro da formación regrada universitaria. Fixéronse 8 actividades formativas cun número total de 212 alumnos inscritos.

**Curso: Google Analytics 4-Transformando Datos en Decisiones Estratégicas**

24.04.2024 | 4 horas

N.º inscritos: 45

Profesorado: José María Cid Guede

Coordina: Sandra Castro González

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contidos: O curso ten por obxectivo adquirir un coñecemento profundo e aplicado de Google Analytics 4, a última evolución en análise web e de aplicacións.

**Curso: Corte Láser. Mecanismo e estruturas**

18, 20, 25, 27 de setembro e 2 de outubro | 20 horas

N.º inscritos: 20

Poñentes: Yasmina Vázquez Penelo, Jaime García Cantalapiedra y Jesús Álvarez Puentes

Coordina: Enrique Comesaña Figueroa

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contidos: O obxectivo do curso, eminentemente práctico, é que os asistentes adquiren as destrezas necesarias (diseño de pezas en 3D con CAD 3D Fusión 360 de Autodesk, modelar, contorna Render e coñecer as tecnoloxías de fabricación con impresión 3D, corte e pregado, soldadura, mecanizado e exportación de modelos para a súa fabricación) para trasladar os coñecementos aos seus proxectos.

**Curso: Cálculo científico e técnico con Python**

24 e 26 de setembro e 1, 3, 8, 10 e 15 de outubro | 20 horas

N.º inscritos: 32

Profesor e coordinador: Efrén Arias Jordán

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O obxectivo que se pretende acadar con este curso é o coñecemento da linguaxe Python que permita unha xestión suficiente para desenvolver programas de cálculo que poidan ser útiles ao longo da carreira científica e técnica.

**Curso: Detección de patóxenos de orixe alimentaria**

03.06.2024 | 5 horas

N.º inscritos: 25

Poñente: Alejandro Garrido Maestu

Coordina: Alexandre Lamas Freire

Organiza: Facultade de Ciencias

Contido: Este seminario pretende facilitar o coñecemento de técnicas de microbioloxía dependentes de cultivo e de bioloxía molecular empregadas de rutina nos laboratorios de seguridade alimentaria, ademais de abordar aplicacións prácticas en situacións reais. A temática do programa afonda sobre métodos de microbioloxía dependente de cultivo para a detección de patóxenos na cadea alimentaria e tamén trata as técnicas moleculares como alternativa máis rápida aos métodos de microbioloxía dependentes de cultivo. Asemade, tamén se demostra de forma práctica como estas técnicas poden ser aplicadas na propia industria alimentaria sen necesidade de contar con laboratorios dedicados e con equipamento custoso.

### **Curso: Oratoria e comunicación**

22, 24, 29, 31 de outubro e 5 de novembro | 20 horas

N.º inscritos: 28

Poñentes: Javier Bernardo Teira Lafuente e Ana Belén Gil González

Coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O curso ten un enfoque eminentemente práctico, coa realización de prácticas presenciais baseadas en intervencións públicas e a posta en escena das intervencións e discursos son gravados, para que o alumno poida realizar unha autoavaliación das súas habilidades comunicativas. Realízanse tamén prácticas de relatorios, entrevistas, xogos de rol de argumentación, razoamento e persuasión. Empregaranse unha plataforma TIC baseada na metodoloxía «Boethius» para que o alumnado recorra o itinerario formativo de varios módulo, para comunicar con eficacia en contornas dixitais.

### **Curso: Operacións, lexislación e certificación de aeronaves non tripuladas**

07/10/2024-15/10/2024 | 20 horas

N.º inscritos: 31

Poñentes: Laura López Sanz, Francisco Javier Muñoz Sánchez, Elsa Solera de Andrés, Juan Moya Hernández e Roberto Gándara Osse

Coordina: Xesús Pablo González Vázquez

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: Esta formación impártese por xefes de distintos servizos e de divisións UAS da Agencia Española de Seguridade Aérea (AESA) e do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), empresas punteiras en tecnoloxías de aeronaves non tripuladas, permitindo que os alumnos, empresas, profesionais e os reguladores se manteñan ao día sobre as últimas novidades e tendencias neste sector e poidan tomar decisións máis informadas e adaptarse ás necesidades cambiantes deste sector.

### Curso: Ferramenta de deseño gráfico para enxeñeiros: AutoCad Básico

17 e 24 de setembro e 1, 8 e 15 de outubro | 20 horas

N.º inscrites: 19

Poñentes: Francisco Javier López González, Patricia Tato Sánchez del Valle e Adriana Conde Fernández

Coordina: María J. Iniesto Alba

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O curso ten como finalidade coñecer e adquirir os coñecementos básicos dun programa de deseño asistido por computador, AutoCAD, para o debuxo e elaboración de obxectos e planos para un proxecto de enxeñaría.

### Curso: Fabricación de placas de circuíto impreso PCB

19 e 26 de setembro e 3, 10 e 17 de outubro | 20 h

N.º inscrites: 12

Poñentes: Jesús Álvarez Puentes e Blanca Méndez López

Coordina: Enrique Comesaña Figueroa

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: Este curso, permite, ademais de dar a coñecer ferramentas e técnicas para a construción de prototipos PCB, dar unha visión realista e práctica dos sistemas onde se vai a actuar ou que se van a controlar. Polo tanto, ter un coñecemento das especificacións de funcionamento nominais dun sistema mecánico e as súas limitacións.

**Gastos cursos: honorarios poñentes e custos desprazamentos.**

### 2.3.2. Programa de prácticas no rural

Ao igual que en 2022 deseñouse unha convocatoria pública para o Programa de prácticas **remuneradas** extracurriculares «Retorna ao Rural con Campus Terra» para o curso 2022/2023 (publicada o 05/05/2023 no taboleiro electrónico da USC pola Vicerreitoría de Organización Académica da USC) co fin de incentivar á realización de prácticas en empresas e institucións situadas no rural de Galicia de 1 a 3 meses de duración por estudante. A esta modalidade acolléronse dous centros (Facultade de Ciencias e Facultade de Humanidades). Os outros centros (Facultade de Veterinaria, EPSE e Formación de Profesorado) preferiron ofertalas tamén como prácticas curriculares, convocatorias que organizaron os propios centros.

Na convocatoria 2024 foron beneficiarios/as **un total de 32 alumnos/as**. Os beneficiarios destas axudas e as empresas nas que fixeron as prácticas extracurriculares e curriculares descríbense a continuación organizadas por centros, graos e empresas.

### ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

- Balseiro Rodríguez, Martín. Máster en Enxeñaría de Montes. **Ence/ Energía & Celulosa**. Pontevedra.
- Carrelo García, Carlos. Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria. **Comercial Agropress S.L.U.** Castropol (Asturias).
- Fernández Villar, Guillermina. Máster en Enxeñaría Agrónoma. **Inloga Enxeñeiros S.L.** Lugo.
- García Barcia, Anxo. Dobre Grao en Enx. Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. **Gabinete Carcotec**. Melide.
- García Lagares, Carlota. Dobre Grao en Enx. Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. **Agrofor Proxectos**. Caldas de Reis.
- Milla Murga, Sharon Brigitte. Grao en Enxeñaría Civil. Prefabricas Eirós S.L. Meira.
- Peñalver Dequit, Enrique. Grao en Robótica. **Perfect Numbers**. Lugo.
- Sández Goyanes, Ángel. Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria. **PROVASA. Ingeniería Agrícola Comercial**. Sarria.
- Seijas Gil, Tania. Grao en Robótica. **Financiera Maderera. S.A.** Rábade.
- Toimil Santín, Anxo. Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria. **Ingeniería Piñeiro Sotelo**. Lugo.

### FACULTADE DE CIENCIAS

- Bermúdez Pillado, Lara. Grao en Nutrición Humana e Dietética. **Clínica Nós**. Lugo.
- Collazo Calvo, Alicia. Grao en Nutrición Humana e Dietética. **Nutrición Jennifer Cores**. Vilagarcía de Arousa.
- Conde García, Uxía. Grao en Nutrición Humana e Dietética. **Innolact, S.L.** Castro de Rei.
- Constenia Quinteiro, Ana. Grao en Bioquímica. **Financiera Maderera S.A.** Rábade.
- De Lorenzo Serrano, Lucía. Grao en Nutrición Humana e Dietética. **Pazo de Valdoviño, S.A.** Goián.
- Expósito de la Iglesia, Paula. Grao en Bioquímica. Grao en Bioquímica. **Frigoríficos Bandeira, S.L.** Bandeira.
- Fernández Corrales, Lucía. Grao en Bioquímica. **EVEGA-AGACAL**. Leiro.
- Garrido Pérez, Carmen Pilar. Grao en Bioquímica. **Naturleite S.L.** Meira.
- Lyon Bonucci, Verónica Andreina. Grao en Bioquímica. **Pescados Rubén S.L.** Foz.
- Pascual de la Cruz, Susana. Grao en Bioquímica. **Cabomar Congelados, S.A.U.** Marín.
- Pita Bea, Alejandro. Grao en Bioquímica. **FORESA. Industrias Químicas del Noroeste. S.A.U.** Caldas de Reis.
- Rial Santos, David. Grao en Bioquímica. **SGS Seafood Lab**. Bueu.
- Soto Areal, María. Grao en Nutrición Humana e Dietética. **FHRESCUT S.L.** Gondomar.

### FACULDADE DE VETERINARIA

- Aldao García, Javier. Grao en Veterinaria. **SERAGRO**. Castro Riberas de Lea.
- Baldo Ferreira, Izadora. Grao en Veterinaria. **ABS Progenex**. Lugo.
- Boso Dafonte, David. Grao en Veterinaria. **RENECO Internacional Wildlife Consultants LLC**. Missouri, Marruecos.
- Caicoya Fernández, Pedro. Grao en Veterinaria. **Nova Pescanova (Insuiña)**. Xove.
- Diz López, Abel. Grao en Veterinaria. **RENECO Internacional Wildlife Consultants LLC**. Abu Dhabi (Emiratos Árabes).
- Gasalla de Miquel, Ursula. Grao en Veterinaria. **Finca Mouriscade**. Lalín.
- Martínez Fidalgo, Ana. Grao en Veterinaria. **Aquarium Finisterrae**. A Coruña.
- Martínez Penedo, Lucía. Grao en Veterinaria. **OVAPISCIS**. Fonteo-Cádavo (Lugo)
- Núñez Gómez, Rubén. **IXP Ternera Gallega**. Ames.

**Gastos correspondentes as remuneración dos alumnos e alumnas que fixeron as prácticas descritas.**

### 2.3.3. Festival de Emprego: Emprega-T Fest

19 de setembro de 2024. «**EmpregaT Fest. Punto de encontro das empresas co talento**»

Lugar: Praza Horta do Seminario de Lugo

Empresas e organizacións participantes: 36

Inscritos: 223 participantes

Este ano xurdiu a posibilidade de organizar no Campus de Lugo unha Feira ou Festival de Emprego financiada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. No mes de setembro de 2024 celebrouse o primeiro evento EmpregaT Fest, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono o Ceao – As Gándaras e o Concello de Lugo. Esta actuación foi coordinada dende o Campus Terra e supuxo un espazo dinámico onde 36 empresas de Lugo e a súa contorna ofertaron, a través dos seus espazos expositivos, postos de emprego dentro das súas organizacións e recolleron das persoas demandantes de emprego CVs para cubrir determinados perfís profesionais. A xornada tamén incluíu un espazo para desenvolver entrevistas de traballo, previamente concertadas, para cubrir postos de traballo ofertados na web do evento: <https://empregat.arquivalugo.gal/>.

Paralelamente, se desenvolveron tres mesas redondas e catro obradoiros formativos que crearon debate sobre a situación actual do mercado laboral e proporcionaron aos asistentes ferramentas e novos coñecementos para afrontar un proceso selectivo:

- 10:30. Mesa redonda: «O mercado laboral visto por empresas e organizacións, administracións públicas e persoas demandantes de emprego».



- 12:00. Obradoiro: «Coñece os principais programas de prácticas en empresas ofertados» por AA.PP.
- 12:30. Obradoiro: «Prepárate para afrontar os procesos de selección».
- 13:00. Mesa Redonda: «A captación de talento nas empresas de Lugo».
- 16:00. Mesa Redonda: «A formación e capacitación adaptada ás saídas profesionais».
- 17:00. Mesa redonda: «Ten cabida a IA nos procesos de selección de persoal nas empresas?»
- 18:00. Obradoiro: «Roles e perfís demandados no sector da seguridade da información e a protección de datos. A túa profesión aínda non naceu».
- 18:30. Obradoiro: «Deseña a túa marca persoal para desenvolver a túa carreira profesional».

**Os custos desta xornada, financiáronse con patrocinios, pero principalmente polos fondos e polo Convenio asinado entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a USC e os achegados polo Convenio que regula o Campus de Especialización «Campus Terra» coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.**



## 2.4. Desenvolver un Plan de Comunicación para reforzar a marca Campus Terra

No ano 2024 continuouse co Plan de Comunicación iniciado en outubro do ano anterior co fin de reforzar de forma importante a proxección do Campus Terra a toda a comunidade universitaria e a sociedade en xeral. Para elo leváronse a cabo distintas accións de comunicación dirixidas fundamentalmente a:

- Mellora da páxina **web** do Campus Terra, realizada baixo as directrices e dentro do marco institucional da USC.
- Posta en marcha de **novas RRSS** (Tik Tok e LinkedIn) para a mellora do número de seguidores das actividades do Campus Terra.
- Outra acción que se consolidou en 2024 para dar a coñecer o que se fai en Campus Terra ao sector produtivo nos eidos agrícola, gandeiro e forestal, é formar parte da **plataforma «Innova» de Campo Galego**, un portal sobre innovación no sector agro-gandeiro e forestal, con difusión a nivel nacional. Este portal serve tamén para que mozos e mozas do rural sexan coñecedores da existencia deste campus de especialización.
- Posta en marcha dun **«blog»** do Campus Terra (aloxado na páxina web do Campus Terra) para poñer en valor fundamentalmente a investigación que se fai neste Campus en formato entrevista, comezando este ano polos investigadores/as máis mozos (total de 40 entrevistas nun ano).
- Creación dunha **Newsletter mensual** para que a comunidade universitaria coñeza que pasou en Campus Terra e estean informados das convocatorias activas mensualmente. Dirixido a PDIS, PTXAS, PInvestigador e estudiantado que reciben a información a través dun correo electrónico e poden subscribirse.
- Renovación do **vídeo corporativo** que abre a páxina [Web do Campus Terra](#).
- Realización de **vídeos específicos** (1 sobre Campus Terra e 1 sobre a APLTA):
  - [Campus Terra, a aposta pola investigación aplicada.](#)
  - [A Aula de Productos Lácteos da USC en Lugo, un centro único a nivel europeo.](#)
- Realización de **publireportaxe** sobre a Granxa Experimental do Leite Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo e a USC:  
<https://www.campogalego.gal/granxa-experimental-de-leite-o-laboratorio-vivo-dos-novos-veterinarios-e-enxeneiros-agronomos/>
- No que se refire a «Comunicación interna» no Campus Terra, no ano 2024 fixéronse as **enquisas ad hoc** a PDI e PTXAS para coñecer o grao de coñecemento sobre o Campus Terra que perciben estes colectivos.
- **Spot publicitario** difundido a nivel nacional do Campus Terra no que se refire a captación de alumnado, en especial para impulsar este Campus para estudar e a matriculación de novos alumnos/as nas Enxeñaría. [Descobre o Campus Terra](#)

### 2.4.1. Comunicación interna dirixida a PDI e investigadores mozos/as do Campus Terra

En cada unha das 4 Comisións de traballo creadas nas que están representados por PDI todos os centros vinculados a Campus Terra, e por tanto todos os ámbitos de coñecemento propios da especialización, foi presentado o plan de traballo 2024 a e o seu financiamento no que se refire as dimensións de Docencia, Investigación, Internacionalización e Relación co Tecido Produtivo.

Por outro lado tamén se levaron a cabo varias reunións con todos os beneficiarios/as das axudas a investigación do Campus Terra (bolsas de iniciación a investigación, contratos predoutorais, contratos posdoutorais e Ramón y Cajal) aos que se lles propuxo organizar o I Congreso da Mocidade Investigadora do Campus Terra (descrito no apartado da dimensión Investigación 3.2.8, páx. 62-63).

En 2024 rematáronse as enquisas a realizar sobre o grao de coñecemento do Campus Terra por parte da comunidade universitaria (estudantado, PDI, persoal investigador e PTXAS). Os resultados de ditas enquisas descríbense a continuación:

#### Resultados das enquisas realizadas *ad hoc* ao estudantado

Entre o 16 e o 31 de outubro de 2023 realizouse unha enquisa *ad hoc* ao **estudiantado matriculado no curso 2023-24** de todos os centros que forman parte do Campus Terra, co fin de identificar o nivel de coñecemento que teñen sobre o Campus Terra. Esta enquisa realizouse a un total de **636 alumnos e alumnas** a partir de 2.º curso e tamén a estudantes de posgrao. Optouse por cuestionarios auto-administrados en Microsoft Forms e realizados en aulas de informática dos centros (estes datos xa foron presentados na Memoria 2023).

Os principais resultados foron os seguintes:

- Coñecen o Campus Terra e tamén a súa imaxe corporativa o **91 %** dos estudantes.
- O uso do logo empregado en documentos e presentacións «sempre» é do **30 %**, e dun **69 %** «algunhas veces».
- O **78,5 %** dos estudantes son conscientes de ter recibido ou obtido información relativa ao Campus nalgunha ocasión.
- A maior parte reciben a información por correo electrónico, cartalaría e Instagram.
- Tan só o **10 %** do alumnado considera que os canles de información dos que se dispón non son suficientes, demandando un maior e mellor posicionamento nas redes sociais, botan de menos a falta de TikTok.
- O **67 %** considera que a cantidade de información sobre Campus Terra é suficiente.
- En canto a calidade da información recibida o **86,1 %** considera que si é de interese para eles.
- En relación a identificación das liñas de investigación do Campus Terra, o **68 %** dos enquisados sinalan os seguintes eixos: Producción vexetal e agricultura sostibles, Producción e saúde animal sostibles e Xestión forestal sostible.

### Resultados das enquisas realizadas *ad hoc* PDI e persoal contratado de investigación non PDI

Empregando o mesmo sistema que no caso do estudiantado, con data 16 de xullo de 2024 lanzouse unha enquisa dirixida a todo o Persoal Docente e Investigador (PDI) e Persoal Investigador (PI) para avaliar en que medida dito persoal coñecía as singularidades do Campus Terra e así ter unha diagnose da comunicación interna que se realiza neste Campus.

A enquisa dirixiuse a un total de 601 persoas, das cales responderon **129**, o que supón un 21,46 % de taxa de resposta. O deseño do cuestionario se estruturaba nun total de 13 preguntas, de cuxas respostas extraemos os seguintes datos e conclusións:

- No caso do PDI e PI o **100 %** coñecen o Campus Terra.
- O **93 %** do PDI e PI coñecen a imaxe e logo de Campus Terra, sendo usado sempre nas súas comunicacións 42 % e algunhas veces un 21 %.
- En canto á vía pola que o PDI e PI reciben información do Campus Terra, un **79 %** recibiu información a través das listas de correo electrónico, ao redor dun 44 % consulta a web do Campus Terra, outro 37 % por cartelería e un 36 % por prensa escrita.
- Polo que atangue ás redes sociais, a máis usada polos colectivos PDI e PI para informarse é Facebook (17 %), seguido de Instagram (16 %), a continuación LinkedIn (10 %), X (9 %), TikTok (5,5 %) e por último YouTube (4,65 %).
- O **83 %** do PDI e PI enquisado, expón que estes medios son máis que suficientes para estar informados das actividades e da actualidade do Campus.
- En canto ao atractivo/interese das comunicacións enviadas, as persoas enquisadas o valora cun **3,4**, sendo 1 «pouco interesante» e 5 «moi interesante».
- Para rematar, pedíuselle ao PDI do Campus Terra que suxerise actividades ou temáticas que lles resultasen de interese, algunhas das cales xa están sendo comunicadas polas vías de comunicación anteriormente citadas. Algunhas destas propostas son: proxectos vencellados á sustentabilidade, proxección e relacións internacionais, convocatorias proxectos internacionais e resultados de investigación alleas á USC.

### Resultados das enquisas realizadas *ad hoc* PTXAS: Persoal Técnico de Xestión e de Administración e Servizos

Con data 16 de xullo de 2024 enviouse unha enquisa dirixida a todo o Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos (PTXAS) para avaliar en que medida dito persoal coñecía as singularidades do Campus Terra e así ter unha diagnose da comunicación interna que se realiza no Campus.

A enquisa dirixiuse a un total de 164 persoas, das cales responderon á mesma **37** persoas, o que supón un 22,5 % de taxa de resposta. O deseño do cuestionario se estruturaba nun total de 18 preguntas, de cuxas respostas extraemos os seguintes datos e conclusións:

- O **100 %** do PTXAS coñece o Campus Terra.
- O **84 %** do PTXAS coñece a imaxe e logo de Campus Terra, sendo usado o mesmo nas súas comunicacións sempre un 27 % e algunhas veces un 19 %.

- En canto á vía pola que o PTXAS recibe información de Campus Terra, case un **68 %** recibiu información a través das listas de correo electrónico, ao redor dun 30 % consulta a web de Campus Terra, outro 30 % por cartelería e un 27 % por prensa escrita.
- En canto ás redes sociais, a máis usada polo colectivo PAS para informarse é X (16 %), seguido de Instagram (13,5 %), a continuación Facebook (5 %) e por último LinkedIn (2,7 %).
- O Campus Terra conta con sete eixos de especialización dos cales tamén se avaliou o seu coñecemento por parte deste colectivo. Dos sete eixos, catro deles amosaron un grao de coñecemento por riba do **70 %** (Producción vexetal e agricultura sostible (91,9 %), Xestión forestal sostible (86,5 %), Producción e Saúde Animal (78,4 %) e Alimentación segura e saudable (70,3 %).
- O **75 %** do PTXAS enquisado, expón que estes medios son máis que suficientes para estar informados das actividades e da actualidade do Campus.
- En canto ao atractivo/interese das comunicacións enviadas, as persoas enquisadas o valora cun **3,1**, sendo 1 «pouco interesante» e 5 «moi interesante».

### **2.4.2. Captación de estudantes nas titulacións deficitarias en número de alumnado**

De novo, o maior esforzo de comunicación este ano realizouse no que respecta as accións dirixidas á captación de novos estudantes das titulacións deficitarias da EPSE e da Facultade de Ciencias, é dicir a promoción das Enxeñarías, como xa foi descrito no apartado 2.1.1.1 da Dimensión Docencia.

### **2.4.3. Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo na nosa contorna (Lugo, Galicia) a través de eventos de transferencia e difusión de coñecemento, como os que se indican a continuación:**

- Reunión anual Comisión Económica-Social onde están representados 4 representantes dos sectores produtivos e de transformación (AGADER, XERA, AFRICOR, CLUSAGA), 2 representantes de empresas tractoras da provincia de Lugo (Madeiras Besteiro, Grupo Lence), 2 representantes dos centros de investigación relacionados coa temática forestal e agroalimentaria de Galicia (AGACAL, MBG-CSIC), 1 representante do sector saúde/consumo (HULA), 1 representante do sector de xestión cultural (Fundación Uxío Novoneira), 7 representantes de colexios profesionais (Agrónomos, Agrícolas, Montes, Veterinarios, Dietistas e Nutricionistas, Economistas e Enxeñeiros Industriais), que se levou a cabo o 21 de outubro de 2024.
- Sesión de apertura e Reunión de expertos do proxecto Atlantic Innoblue Communities (ATLIC) no Campus Terra. Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo, (páx.71).
- Reunión en Campus Terra do Comité Executivo do Pacto Mundial da ONU no Estado español para reflexionar sobre a sustentabilidade empresarial (7 Maio 2024).
- Evento II Feira de Primavera da Muller Rural «Innovando no Rural» (6 xuño 2024). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo, (páx.71)

- Leváronse a cabo 5 cursos de formación dirixidos ao sector produtivo descritos na Dimensión 4. Interacción do tecido produtivo (páx. 62-63).
- Participación do Campus Terra no Maker Faire Galicia 2024 (páx. 73).
- Organización Festival Emprega-T Fest . Punto de encontro das empresas co talento (19 setembro 2024). Descrito da Dimensión 4. Intracción do tecido produtivo (páx. 35-36)
- Evento III *Terra Creative Jam: Crea oportunidades para o rural*. Evento de emprendemento aberto ao público mozo/a en xeral, habendo participado asistentes de distintas zonas de Galicia (19-20 outubro 2024). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo (páx. 72).
- Realización de dous vídeos, un de presentación do Campus Terra e outro sobre a APLTA e unha publireportaxe sobre a Granxa Experimental do Leite, difundidos desde a plataforma INNOVA de Campo Galego:
  - Sobre Campus Terra: <https://innova.campogalego.gal/campus-terra/a-maioria-das-nosas-titulacions-tenen-unha-empregabilidade-alta-ou-moi-alta.html>
  - Sobre a APLTA: <https://innova.campogalego.gal/ganderia/a-aula-de-productos-lacteos-e-tecnoloxias-alimentarias-da-usc-unha-planta-piloto-unica-en-europa.html>
  - Sobre a Granxa Experimental do Leite: <https://www.campogalego.gal/granxa-experimental-de-leite-o-laboratorio-vivo-dos-novos-veterinarios-e-enxeneiros-agronomos/>
- Presentación do Programa da 8.<sup>a</sup> Edición VIAGALICIA 2024-2025. (pax 73).
- Participación de docentes da EPSE do Campus Terra nas xornadas de formación «Aplicación de las nuevas tecnologías para una gestión eficiente del agua en el sector agrario gallego» organizadas polo Hub de Innovación Dixital Europeo EDIH DATAlife e dirixidas a profesionais do sector agrario e agroalimentario de Galicia.  
<https://innova.campogalego.gal/agricultura/xornadas-de-formacion-tecnoloxica-en-galicia-para-unha-xestion-eficiente-da-auga-no-sector-agrario.html>

### 2.4.4. Darnos a coñecer fóra de Galicia

Distintos investigadores do Campus Terra visitaron nos últimos meses universidades estranxeiras por motivos de aprendizaxe (estadías dos alumnos/as predoutorais, ver en Dimensión 3. Investigación páxina 59), para divulgar os seus coñecementos e resultados de investigación (PDIs e investigadores mozos), para establecer sinerxías a nivel de investigación e transferencia (investigadores) e tamén para captar alumnos de doutoramento.

A continuación expóñense algunhas das accións novas e outras que foron iniciadas con anterioridade e que continúan no ano 2024, contando coa participación de persoal do *Campus Terra*:

- Participación do Campus Terra na **rede CRUSOE - Sistemas Agroalimentarios Competitivos** – rede que impulsa o desenvolvemento rexional e a especialización intelixente do Suroeste de Europa na que se conta con investigadores do Campus Terra, concretamente en accións de innovación e investigación baseadas no *Program Horizon Europe 2023-2024 - Cluster 6: Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture and Environment* y *EIC Pathfinder*. Investigador coordinador da USC: Santiago Pereira Lorenzo.

- Presentación do Campus Terra na Rede de Campus de Excelencia internacional Agroalimentarios da Fundación Triptolemos, reunidos na Universidade de Córdoba o 13 de xuño de 2024 para establecer novas colaboracións entre rexións.
- O 3 de outubro de 2024 profesores e alumnado do Grao en «Ingeniería en Gestión de Redes Agroalimentarias de la Universidad Autónoma de Chapingo (México)» visitaron as instalacións da APLTA e recibiron formación ao longo dun día dentro do «**Convenio General de Cooperación Cultural, Científica y Pedagógica entre la Universidad de Santiago de Compostela (España) y la Universidad Autónoma de Chapingo (México)**» asinado en xullo de 2023 entre ambas universidades.
- Un membro do grupo UXAFORES, o profesor Agustín Merino, dirixe o Programa de Doutoramento Internacional «**Programa de Doutoramento en Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento**» no que participan 23 centros de 10 países de fala española e portuguesa. Este Programa da moita proxección internacional a Campus Terra en Latinoamérica ao co-dirixir teses de doutoramento con Brasil, Colombia, Costa Rica, Ecuador, México, Panamá e Perú. Tamén se están a levar a cabo co-tutelas para dirección de teses con Túnez, Marruecos, Mozambique, República Democrática de El Congo e Suecia. Este programa atrae, anualmente, a presenza de doutorandos que fan o seu doutorado no Campus Terra
- Os días 14, 15 e 16 de outubro de 2024 tivo lugar a realización do **I Congreso Ibérico Mocidade Investigadora do Campus Terra: Raíces do coñecemento**. Convocou a 135 investigadores mozos/as de distintos lugares de España, Portugal, Sudáfrica, Marruecos, Túnez, Brasil, Paraguay e México, o cal lle deu proxección ao Campus Terra fora de Galicia. (Ver detalle deste Congreso no apartado 3.2.8 da dimensión Investigación, páx. 62-63).

### 2.4.5. Actualización e reforzo da web do Campus Terra

Adaptouse a páxina web ao novo modelo corporativo da USC, renováronse contidos e creáronse novas pestanas que conteñen información clave sobre o campus de especialización, como pode ser o establecemento do Punto de Información Centralizada (PICTERRA) <https://www.usc.gal/gl/campusterra>, a creación dun blog para poñer en valor a investigación junior e senior que se realiza no Campus, así como a realización dun novo vídeo de presentación do mesmo para a súa actualización.

### 2.4.6. Reforzo do impacto nas redes sociais

Este epígrafe correspóndese cun Punto de Control onde a Comisión de Avaliación do Campus Terra incide en que «*en 2 anos despois do inicio do período de acreditación CTerra terá que incrementar ao menos un 100 % o número de seguidores en redes sociais*».

As RRSS Facebook e Twitter (agora X) medraron lentamente con incrementos desde o ano 2021 de 9,5 % e 6,6 % respectivamente, sendo Facebook e X empregadas fundamentalmente por PDI e PTXAS. Os estudantes e o persoal investigador mozo optan por Instagram (crecemento dun 53 % respecto ao ano 2021) así como por TikTok e LinkedIn.

## Dimensión 02: Docencia e comunicación

Por ese motivo, no último trimestre do ano 2023 implementáronse dúas novas RRSS, que son TikTok, pensando no estudantado que o demanda (segundo as enquisas realizadas) e LinkedIn como rede que emprega máis o colectivo investigador. En menos dun ano conseguíronse **1.564** seguidores e **37.100** «me gusta» en TikTok e **852** en LinkedIn a data de 12/11/2024.

Hai que ter en conta que os distintos centros do Campus Terra tamén teñen as súas propias redes, especialmente Instagram, os cales suman un total de **4.337** seguidores a data de 30 de outubro de 2024. Se incluímos este valor aos seguidores desta rede a de Campus Terra, o total serían **6.834** seguidores o que fai que o incremento con respecto ao ano de referencia 2021 sexa  $\geq$  ao 100 %.

Outra acción que se levou a cabo é a inclusión de Campus Terra no **portal específico «Innova de Campo Galego»**, medio específico sobre o sector agropecuario con difusión tamén fora de Galicia dende outubro de 2023. Este portal inclúe:

- Mantemento dun apartado en Portada de Campo Galego e en portada do portal Innova coas últimas informacións relativas ó Campus Terra.
- Mantemento dunha sección da web con tódalas noticias publicadas en relación ó Campus Terra: <https://innova.campogalego.gal/categoria/campus-terra>
- Publicación de notas de prensa do Campus Terra relativas a temática agro, forestal e agroalimentaria.
- Elaboración periódica de contidos propios por parte de Campo Galego + Difusión.
- Difusión dos contidos nas redes sociais de Campo Galego e de Innova, que en conxunto superan os 35.000 seguidores.

Dende outubro de 2023 a outubro de 2024 publicáronse **107 pezas** que se clasifican en: **93 novas** baseadas en notas de prensa do Campus Terra, e **14 entrevistas** e reportaxes con investigadores do campus, dúas delas acompañadas de vídeo. Neste período, a audiencia total foi de 32.075 lecturas de usuarios únicos. Polo que respecta ás RR.SS. do portal específico de Campus Terra en Innova (FB, X, LinkedIn, Instagram) o impacto total da difusión de artigos entre o 19 de outubro e o 10 de xullo, foi de **481.000** impresións (lecturas) e **2.067** reaccións (likes, compartir e comentarios).

### Os recursos invertidos para o Reforzo do Plan de Comunicación do Campus Terra foron os seguintes:

- **Posta en marcha de novas RRSS do Campus Terra: Tik-Tok e LinkedIn en tres idiomas, a primeira enfocada a xente moza e a segunda ao persoal investigador e de transferencia.**
- **Posta en marcha dun «blog» do Campus Terra onde se publicitan as achegas que realicen os investigadores do Campus Terra en formato entrevista. Blog aloxado na páxina web do Campus Terra.**
- **Creación dunha Newsletter mensual na que a comunidade universitaria do Campus Terra pode subscribirse.**




- Vídeos promocionais do Campus Terra (Presentación Campus Terra, APLTA, Granxa Experimental do Leite (realizados e divulgados na plataforma Campo Galego) e renovación do vídeo de presentación do Campus Terra na entrada da súa web.
- Inclusión do Campus Terra no portal específico «Innova de Campo Galego», medio específico sobre o sector agropecuario e forestal con difusión tamén fora de Galicia dende outubro de 2023.



# Dimensión 03

---

## Investigación



### Puntos de control:

No punto 2.4. do Protocolo, **mellora das estruturas de investigación**, indícanse os seguintes puntos de control con respecto a Dimensión Investigación:

- *Promover liñas de investigación de interese para o campus.*
- *Diminuír a atomización dos grupos de investigación.*
- *Nos 2 primeiros anos: redución do número de grupos sen persoal predoc e/ou posdoc de polo menos un 25 % do valor actual.*
- *Captación de talento: que terá que concibirse como un programa propio que facilite os incentivos necesarios para a captación de persoal investigador, que permita mellorar o desempeño do campus ao tempo que garanta un adecuado relevo xeracional.*
- *Incremento do número de predoutorais e postdoutorais. En 3 anos un 100 % superior en predoutorais e un 80 % en postdoutorais ao existente no momento cero, e a través de convocatorias competitivas e propias.*
- *Elaboración dunha planificación estratéxica no primeiro ano, temporalizada e valorada, que permita avaliar o desenvolvemento dunha proposta de centro de investigación para Campus Terra.*

E no punto 2.5. do protocolo, **mellora dos indicadores da actividade investigadora**, indícanse asemade os seguintes puntos de control:

- *Incremento en captación de proxectos competitivos e de contratos e convenios de investigación ou de valorización e transferencia.*
- *Incremento nos 2 primeiros anos do 10 % no número de publicacións en revistas indexadas.*
- *Incremento do número de novos doutorandos ou de teses defendidas nos ámbitos de especialización do campus (un 15 % máis en 4 anos).*

### 3. Liñas de actuación e accións executadas en 2024 - Investigación

---

No ámbito da investigación ponse énfase na necesidade de situar a investigación do Campus Terra a un nivel de excelencia e competitividade internacional. Para elo trabállase na reorganización das estruturas de investigación xa existentes no campus, co fin de agregar capacidades e incluso consolidar unha nova figura de centro de referencia. Por outro lado, é firme a vontade de impulsar programas que acompañen e reforcen as vocacións científicas e docentes de mozos/as investigadores/as, ademais de atraer e consolidar talento o que se reflicte nun investimento para este fin do 45,7 % do orzamento total do que dispón o campus de especialización no período de catro anos.

As liñas de actuación e accións levadas a cabo nesta dimensión de Investigación durante o ano 2024, foron as que se describen a continuación.

#### 3.1. Novas estruturas para fortalecer a Investigación

Para isto é imprescindible poñer en valor as estruturas de investigación xa existentes no campus co fin de mellorar a súa funcionalidade, incrementar a capacidade e calidade das súas actividades, mellorar a oferta dos seus servizos e potenciar a difusión dos resultados, así como a proposta de creación dun novo centro de referencia.

Na memoria do convenio visado pola Xunta en abril de 2022, propoñíanse dúas accións aprazadas para o ano 2023: «ampliación da estrutura departamental e facer unha proposta de centro/instituto que aglutine a excelencia da investigación especializada do Campus Terra aproveitando o traballo xa realizado pola agrupación estratéxica BioReDes».

#### **CREACIÓN DE PROGRAMAS AGRUPADOS DE XESTIÓN INTEGRADA (PAXI)**

Neste tempo e con motivo da entrada en vigor da nova Lei laboral (Real Decreto-Lei 32/2021 de 28 de decembro) co obxecto de reducir rigorosamente a excesiva temporalidade existente, a USC, para poder materializar a contratación indefinida, tanto de persoal investigador como de persoal de apoio á investigación, por resolución reitoral de 5 de abril de 2022, aprobou a creación de programas propios de investigación que sexan sostibles economicamente, compartindo recursos que contribúan a dotar de certa estabilidade ao persoal que se encadre neles. Esta iniciativa concluiu na creación de Programas Agrupados de Xestión Integrada (PAXI). Baixo esta figura producíronse movementos entre os grupos de investigación, de tal xeito que chegaron a crearse en Campus Terra, polo momento, 5 PAXIs (IBADER, UXAFORES, PAVILLÓN4, PROCIGEO e SISTEMAS AGROFORESTAIS). A polarización dos grupos neste tipo de programas, con afinidades temáticas e intereses comúns, axudou ademais a identificar onde están as maiores fortalezas e excelencia para poder organizar a investigación entorno a un novo centro/instituto de referencia.

#### **AMPLIACIÓN DAS ESTRUTURAS DEPARTAMENTAIS**

As **estruturas departamentais** non foron ampliadas porque o contexto normativo vixente atópase nun intre de redefinición dos departamentos universitarios. Campus Terra aborda este tema encargando un estudo do «estado da cuestión» que axude a toma de decisións

de como abordar os criterios que deben acompañar á creación, modificación ou supresión destas unidades. No estudo «**Seccións departamentais na Universidade de Santiago de Compostela: Pertinencia e viabilidade**» realizado polos profesores María Bastida Domínguez e Miguel Ángel Vázquez Taín da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, os autores conclúen o seguinte:

«Este informe avalía os beneficios e dificultades asociadas á creación de seccións departamentais na USC, particularmente no Campus Terra. O obxectivo é ofrecer unha análise que permita tomar decisións informadas sobre este cambio organizativo, considerando tanto os efectos positivos en termos de flexibilidade, eficiencia e mellora da gobernanza, como os posibles problemas de coordinación e perda de identidade nas áreas de coñecemento.

A metodoloxía inclúe unha revisión da normativa vixente, como a Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU), e da documentación interna da USC, así como a análise de experiencias comparadas en outras universidades. Desde unha perspectiva cuantitativa, estímase que só 6 departamentos no Campus Terra teñen unha masa crítica suficiente para xustificar a creación inmediata de seccións departamentais. Ademais, se se establece un limiar porcentual do 20 % de efectivos no Campus Terra, poderían crearse ata 17 seccións, afectando ao 32 % do total de efectivos da universidade. Aínda que o alcance desta medida sería limitado, podería mellorar a xestión do Campus.

Entre os principais resultados destacan a posibilidade de mellorar a eficiencia administrativa, favorecer unha gobernanza máis descentralizada e fortalecer áreas clave. Porén, tamén se identifican riscos de fragmentación e problemas de coordinación se non se xestiona adecuadamente a implantación das seccións. Por iso, recoméndase unha implantación gradual, empezando polos departamentos con maior masa crítica, para asegurar unha transición exitosa cara a este novo modelo organizativo. Este enfoque permitirá que a USC optimice os seus recursos e mellore a competitividade do Campus Terra, mentres minimiza os posibles impactos negativos sobre a estrutura global da universidade». (Ver estudo completo no Documento «Outra documentación de soporte»).


### PROPOSTA DUN NOVO CENTRO OU INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN

En canto a **proposta de centro/instituto de referencia**, temos que salientar dous feitos:

- O **Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)** reforzou a súa estrutura ao crearse nela un Programa Agrupado de Xestión Integrada, o que motivou que pediran a adscricións ao Instituto un número elevado de investigadores, chegando a ter agora mesmo 42 investigadores adscritos. Debido a estas novas incorporacións en 2024 foi redefinida a súa axenda científica, que será complementaria a do novo centro que se está a crear, quedando estruturada en 5 grandes liñas: Medio Ambiente, Agrosistemas, Recursos gandeiros, Alimentación Saudable e Sostible e Economía Sostible. Ao mesmo tempo estase a preparar a documentación para candidatar a unha Cátedra UNESCO que distinga ao IBADER, cuxo prazo remata o mes de novembro de 2024.
- Por outro lado, a confluencia de obxectivos entre a **Estación Científica do Courel** e o IBADER, e a fin de fortalecer a súa xestión de forma máis racional tanto no eido da investigación como nos da divulgación científica e formación, no Consello de Goberno da USC (26/04/2024) decidiuse adscribir a Estación Científica do Courel ao IBADER.

Deste xeito, desde o 26/04/2024, a Estación Científica do Courel [EC-Courel] é unha unidade integrada e dependente funcionalmente do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER). A dirección do **IBADER** regula, acorde coa normativa da USC, a utilización das dotacións da Estación, tanto das actividades de investigación como docentes e de extensión universitaria, promovendo o seu uso de forma racional e sostible. A Estación Científica do Courel (O Courel, Lugo) creouse cos obxectivos de potenciar a interdisciplinariedade e a cooperación entre grupos de investigación en áreas como a ecoloxía, a biodiversidade, o medio ambiente, os sistemas agrarios, o desenvolvemento rural e a xestión de espazos naturais. Como centro localizado nun entorno rural de montaña (Parroquia de Seoane do Courel, Concello de Folgoso do Courel, Provincia de Lugo, Galicia) contribúe ao propio desenvolvemento da comarca na que está situado, posibilitando a realización de proxectos de investigación aplicada. As instalacións da Estación son tamén un polo cultural e formativo, converténdose nun dinamizador da vida social da súa contorna.

- Durante este ano tamén se está a traballar na creación **dun novo centro/instituto** que pivotará sobre o ámbito **«Unha Única Saúde»**. Esta temática constitúe un paraugas axeitado para acoller gran parte da especialización do Campus Terra en áreas nas que a investigación é punteira. As tres grandes liñas de investigación propostas son:
  - Riscos ambientais e estratexias de intervención
  - Enfermidades emerxentes de orixe animal
  - Alimentación, nutrición humana e seguridade alimentaria



Polo momento está constituída unha Comisión de Traballo que se encarga de elaborar unha axenda científica (non coincidente coa do IBADER), determinar a forma de funcionamento do centro/instituto, condicións de pertenza ao mesmo, funcionamento, plan de transferencia e interacción con outros centros da contorna e por suposto, atopar un nome que o represente. Sobre este tema, no Consello de Goberno do 11 de outubro de 2023 aprobouse a inclusión da USC na Plataforma *One Health* (Plataforma nacional neste ámbito). Contase tamén co asesoramento da Comisión Científica Externa, os cales xa empezaron a traballar este ano e continuarán facéndoo nos próximos meses ata ter unha proposta que presentar ante o Consello de Goberno da USC e ao Comité Avaliador do Campus Terra.

**Os gastos neste apartado foron os relacionados co informe feito por un grupo de traballo da Facultade de Económicas e Empresas da USC «Seccións departamentais na Universidade de Santiago de Compostela: Pertinencia e viabilidade».**

**Para o desenvolvemento da tarefa de ideación do futuro centro, revisión de documentación, recompilación de información, organización de reunións, etc. cóntase co apoio técnico externo dunha consultora (Estratega Consultores S.L.). No documento «Outra documentación de soporte» pode consultarse o entregable feito en 2024.**

## 3.2. Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional

Nas aulas de grao e máster de Campus Terra existen vocacións científicas que é necesario impulsar para asegurar o futuro relevo xeracional do PDI e para manter ou incrementar o nivel investigador e de transferencia de coñecemento no Campus

Por iso, promover e formar aos mozos/as investigadores/as con programas de financiamento e formación, constitúe un obxectivo prioritario. Polo mesmo motivo, a retención e captación de talento é unha aposta determinante para este Campus. As accións levadas a cabo dentro desta liña de actuación pretenden garantir unha carreira investigadora e docente focalizada no ámbito do Campus Terra progresiva, predicible e máis estable. Dentro desta liña de actuación en 2024 desenvolvéronse as seguintes accións:

### 3.2.1. Programa «Xermolos». Bolsas de iniciación a investigación Campus Terra

Por Resolución Reitoral do 01 de febreiro de 2024, convocáronse 27 bolsas de iniciación a investigación. Son axudas de iniciación á investigación para estudantes de último curso de grao ou máster (27 axudas/ano de 4 meses de duración (de marzo a xuño) cunha dotación total de 2.576 € brutos por axuda, realizando un pago único a cada beneficiario ao inicio da bolsa. Estas axudas foron adxudicadas en función do expediente académico do candidato/a cun valor máximo de 8 puntos e un proxecto de iniciación a investigación cunha puntuación máxima de 2 puntos, e sempre tendo en conta que o traballo a desenvolver estea vinculado as liñas de investigación de especialización do Campus Terra (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/125021/carga.htm>).

Os beneficiarios desta terceira edición foron os estudantes que figuran na seguinte táboa por orden alfabético:

1. Baena Laseca, Miguel
2. Bellas Muiño, Laura
3. Cabana Porto, Fernando
4. Calvo Beceiro, Nerea
5. Cuesta Fernández, David
6. Díaz González, Cristina
7. Fernández Gil, Miguel Antonio
8. Fernández Villar, Guillermina
9. Fresco Rey, Laura
10. Friería Durán, Laura
11. Gallego Arias, Pablo
12. López Juanes, Rocío
13. López López, Antonio Vicente
14. Martínez López, Paula
15. Miragaya Tomé, Salomé
16. Miras Viña, Carlos Daniel
17. Mosquera Fernández, Clara



18. Nolasco Cortinas, Jorge
19. Pena Hermida, Estela
20. Peña Oya, Damián
21. Polo Cano, Carla
22. Rial Santos, David
23. Rivas López, Xoana
24. Rodríguez Díaz, Héctor
25. Sanmartín Vázquez, Eva
26. Santamaría Lampón, Juan
27. Taladrid Cobas, Ignacio Javier

### **3.2.2. Programa de contratos predoutorais propios Campus Terra USC**

#### **3.2.2.1. 3.º ano da Convocatoria 2022:**

Neste apartado computase o custo dos 6 contratos predoutorais da convocatoria de 2022. Os beneficiarios desta edición foron:

##### **Beneficiarios:**

Cela Dablanca, Raquel  
 Fouz Varela, David Mateo  
 Gandoy Fieiras, Nerea  
 López Santamarina, Aroa  
 Martínez Sambade, Inés  
 Rodríguez RuÍz, Joel

##### **Renuncias:**

Jiménez Orellana, Miguel (renuncia Novembro 2022)  
 Martínez Calabuig, Néstor (renuncia Decembro 2022)

#### **3.2.2.2. 2.º ano da Convocatoria 2023:**

Por Resolución Reitoral do 6 de marzo de 2023, convocáronse outros 6 contratos predoutorais de 3 anos de duración, que levan parello o financiamento para facer unha estada no estranxeiro de 3 meses de duración no segundo ano de desfrute do contrato. En canto aos criterios para a selección, esta contempla que o 90 % da puntuación final de cada persoa aspirante se obterá sobre a media do seu expediente académico de acceso ao doutoramento, establecendo unha nota mínima de 6 puntos. O 10 % restante da puntuación final acadarase sempre e cando o grupo de investigación aos que se vaia incorporar a persoa aspirante non fora beneficiaria na convocatoria de predoutorais CTerra en 2022. Valorouse a idoneidade do currículo da persoa aspirante para desenvolver a súa tese en algún dos eixos de especialización do Campus Terra. O proceso selectivo encargouse a unha comisión avaliadora formada por 2 PDIs da USC e 3 externos. A retribución bruta de cada contrato no ano 2024 foi de 1.970 €/mes ([https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2023-03/5776\\_gl.pdf](https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2023-03/5776_gl.pdf)).

Todos os contratos asináronse o día 1 de maio de 2023. Os beneficiarios desta edición foron:

Castedo Caldeiro, Noelia  
Cora Calvo, Diego  
López Álvarez, Oscar  
Rodríguez Fernández, Marta  
Souto Prieto, Antonio  
Valiño Vázquez, Noelia

### 3.2.3. 3.º ano Contratos posdoutorais propios Campus Terra 2022

Neste apartado computase o custo dos 4 contratos posdoutorais en 2024. Os beneficiarios foron:

Casanova Chiclana, Adrián  
Cruz de la Fuente, Óscar  
Gegunde Mosquera, Sandra  
López Lorenzo, Gonzalo

### 3.2.4. Financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal

Co fin de incentivar o traballo dos 3 Ramón y Cajal que temos en Campus Terra, se lles concedeu un complemento salarial de 17.000 €/ano a cada un en base a resultados que presentan nun informe trimestral. Nesta anualidade se lles fixo unha addenda ao seu contrato con un importe complementario de 4250,0 €/ cada 3 meses.

Os beneficiarios son:

1. **Patricia López Sánchez.** Esta Ramón y Cajal renuncia no mes de agosto de 2024 xa que obtén unha praza de funcionaria no Centro de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo, non obstante continúa a colaborar activamente cos grupos de investigación cos que investigaba no Campus Terra (Facultade de Ciencias e APLTA) como investigadora colaboradora da USC.
2. **César Pérez Cruzado** renuncia no mes de novembro de 2024, xa que se estabiliza obtendo a praza de Titular de Universidade o día 15 de outubro de 2024.
3. **Alba Díaz Geda.** Continua como R y C moi implicada, recibindo un complemento en base a resultados e conseguindo fortalecer ao seu grupo de investigación coa incorporación de novo persoal investigador (3 FPU e 1 FPI) e dous proxectos de investigación do Programa Nacional como IP:
  - Proxecto «Comunidad, conflicto y revuelta en la Galicia rural del siglo XX» (COREGAL). Referencia: PID2020-117858RA-100. Convocatoria 2020 Proyectos de I+D+i - RTI Tipo A. Ministerio de Ciencia e Innovación. Duración: do 01/09/2021 a 31/08/2024. IP: Alba Díaz Geda.
  - Proxecto «Investigación sobre comunidade, conflito y cambio social en la Galicia rural del siglo XX». Ministerio de Ciencia e Innovación - Ayuda adicional RyC. Duración: 01/01/2023 a 31/12/2025. IP: Alba Díaz Geda.

### 3.2.5. Estadías contratados predoutorais 2023

Os contratados predoutorais 2023 dispoñen de financiamento no segundo ano de contrato (neste caso ano 2024) para facer estadías fora da súa universidade de 3 meses de duración. En 2022 houbo dúas baixas de predoutorais que foron relevados polos suplentes na lista de agarda da convocatoria correspondente, por este motivo 2 persoas fixeron a estadía a inicios do ano 2024, afecta a Nerea Gandoy Feiras e a Aroa López Santamarina. Por estes motivos neste exercicio 2024 financiáronse as estadías de 7 predoutorais, que son os que se indican a continuación, así como o grupo de investigación do Campus Terra no que realizan a súa tese doutoral, o seu lugar de destino e as datas da estadía:

- **Gandoy Feiras, Nerea** (Suplente Convocatoria 2022). Grupo de Investigación GAPAVET. Estadía en *Instituto de Investigaçao e Saúde. Universidade de Porto*. Datas: do 1 de marzo de 2024 ao 1 de xuño de 2024.
- **López Santamarina, Aroa** (Suplente Convocatoria 2022). Grupo de Investigación LHICA. Estadía en *Instituto de Investigación en Ciencias de la Alimentación. Química y Funcionalidad de Carbohidratos y Derivados. CIAL, Madrid*. Datas: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de marzo de 2024.
- **Cora Calvo, Diego** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación BioPhysChem. Estadía en: *Heinrich-Heine-Universität Düsseldorf (HHU)*. Datas: do 15 de agosto de 2024 ao 15 de novembro de 2024.
- **López Álvarez, Óscar** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación PROEPLA. *Instituto Superior de Agronomía-Universidade de Lisboa*. Datas: do 1 de abril de 2024 ao 30 de xuño de 2024.
- \* **Rodríguez Fernández, Marta** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación PROEPLA. Non puido facer a estadía porque presentou a tese antes de solicitala.
- **Saldaña Ruiz, Ana** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación INVESAGA. *Unidad de Biología Marina de la Facultad de Ciencias Biológicas de la Universidad de Valencia*. Datas: do 15 de setembro de 2024 ao 15 de novembro de 2024.
- **Souto Prieto, Antonio** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación CTLeite. Estadía en *International Iberian Nanotechnology Laboratory (Braga) / Chalmers University of Technology (Göteborg, Suecia)*. Datas: do 1 ao 31 de xullo de 2024 en Braga e do 3 de setembro ao 3 de novembro de 2024 en Göteborg.
- **Valiño Vázquez, Noelia** (Convocatoria 2023). Grupo de Investigación HISTAGRA. *Estadía na Facultade de Letras da Universidade do Porto*. Datas: do 1 de marzo de 2024 ao 31 de maio de 2024.

**Os gastos que derivan deste apartado «Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional» refírense aos importes das bolsas de iniciación a investigación, contratos predoutorais e posdoutorais e estadías no extranxeiro dos predoutorais correspondentes a convocatoria do 2023, que fan a súas estadías no segundo ano de contrato.**

### 3.2.6. Formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais

Este ano leváronse a cabo 3 accións cun total de 66 inscritos:

#### **Curso: Radar de apertura sintética (SAR) para aplicacións ambientais**

27, 28 e 29 de febreiro | 20 horas

N.º inscritos: 21

Poñentes: Mihai Tanese (Universidad de Alcalá) e Ryan Carroll (Georg-August Universität Göttingen)

Coordina: Cesar Pérez Cruzado

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contidos: O curso ten por obxectivo a introdución ao uso da tecnoloxía de radar de apertura sintética (SAR) para aplicacións ambientais.

#### **Curso básico sobre cultivo celulares: Introducción na investigación**

23.09.2024-27.09.2024 | 30 horas

N.º inscritos: 16

Poñentes: Ana Fresno Herrero e Vanesa Pérez Cedrón

Coordina: Ana Fresno Herrero

Organiza: Facultade de Ciencias

Contidos: Curso en laboratorio dirixido a investigadores predoutorais e postdoutorais co obxectivo de aprender as normas básicas na sala de cultivos e adquirir os coñecementos e habilidades asociadas ás técnicas de cultivos celulares para poder aplicalas nas súas investigacións, tanto en ensaios de infeccións como de toxicidade..

#### **Propiedade industrial e intelectual. Por que usar as patentes para crear valor?**

16.09.2024 | 4,5 horas

N.º inscritos: 29

Poñentes: Irene Vázquez, Agente de Patentes en ABG Intellectual Property especializada en Biotecnología & Ciencias de la Vida

Coordina: Campus Terra e AVTE

Organiza: Campus Terra

Contidos: Proporcionar unha introdución xeral ao sistema de patentes con especial énfase nos requisitos de patentabilidade que deben cumprir as invencións no ámbito One Health, biomédico e biotecnolóxico.

**Os gastos son derivados de honorarios dos poñentes e desprazamentos dos mesmos.**

### 3.2.7. Eventos organizados pola asociación Agromar

Agromar é unha asociación estudantil na que se integran investigadores predoutorais e posdoutorais do Campus Terra. Entre outras cousas, eles organizan o **Festival Pint of Science**, trátase dun festival internacional de ciencia que ten como obxectivo acercar a ciencia á sociedade, celebrando charlas divulgativas dirixidas ao público en xeral. Para conseguilo, invitan a investigadores dos distintos centros do Campus Terra para que expliquen o seu traballo nun ambiente distendido e agradable: en bares da cidade.

En 2024 este evento tivo lugar simultaneamente en 27 países os días 13, 14 e 15 de maio. A programación feita para a cidade de Lugo descríbese a continuación:

#### Luns 13/05/2024: Mesón do Forno

- A evolución artística da catedral de Lugo. Marcos Calles Lombao. Museo Catedralicio Diocesano de Lugo.
- Aneis do tempo: a historia lida na madeira. Ignacio García González. PDI Botánica. Campus Terra. USC Lugo.
- Máis cerca de adiantar ao Alzheimer. Mercedes Novo Rodríguez. PDI Química. Campus Terra. USC Lugo.

#### Martes 14/05/2024: Ho!-Gruf!

- Culicoides..., que son os culicoides? Alberto Prieto. PDI Enfermidades Infecciosas. Campus Terra. Campus Terra. USC Lugo.
- Silencio: O escudo protector das novas defensas. Marta Inés Miranda Castañón. PDI Patoloxía Médica. Campus Terra. USC Lugo.

#### Mércores 15/05/2024: Acebo

- Fotografía e videosfera: un novo ser humanano. M.<sup>a</sup> Angeles Rodríguez Fontela. PDI Campus Terra. USC Lugo.
- Que podemos facer para facer fronte a pandemia da resistencia aos antibióticos. Ana Fresno Herrero. PDI Bioquímica. Campus Terra. USC Lugo.
- Entre paredes anda o xogo. Patricia López Sánchez. Ramón y Cajal APLTA. Campus Terra. USC. Lugo.

### 3.2.8. Outros eventos relacionados coa divulgación da Investigación

- 27 setembro 2024. Profesorado do Campus Terra participou en talleres na **Noite Europea das Persoas Investigadoras, G-Night**, celebrado na rúa e no mercado Quiroga Ballesteros (Lugo). <https://vivalugo.es/varios/ciencia-para-todos-nas-ruas-de-lugo-durante-a-g-night-2024/>

- 14, 15 e 16 de outubro 2024. **I Congreso Ibérico da Mocidade Investigadora «Raíces do Coñecemento». Campus Terra 2024.**

Congreso que reuniu a investigadores mozos/as dunha ducia de universidades e centros de investigación de Portugal, Paraguai, México, Brasil e España (135 inscritos). O principal obxectivo deste congreso, que tivo lugar na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE) os días 14, 15 e 16 de outubro, foi crear un ambiente de encontro entre a mocidade investigadora ibérica, presentando as súas investigacións e no que puideron xurdir diversas colaboracións. De feito, o foro dirixiuse a estudantado de grao, mestrado, predoutoral e novo persoal investigador interesado en compartir os seus resultados e poñerse en contacto con especialistas doutras áreas. Os investigadores mozos/as do Campus Terra foron os que lideraron o formato do Congreso e os seus contidos (liñas de investigación do Campus Terra). Eles foron os protagonistas formando parte integramente do Comité Científico ou o Comité Organizador do evento.

O Congreso tivo ademais de 5 sesións plenarias, 70 comunicacións orais e 35 paneis con breve discusión sobre os mesmos, dúas sesións dirixidas aos investigadores que inician ou continúan a súa carreira investigadora de moito interese. Unha foi a titulada **‘Impulsando a investigación: novidades e estratexias nas convocatorias para persoal investigador pre e post doutoral’** que se desenvolveu o martes 15 pola tarde e dirixida á comunidade universitaria no seu conxunto, co fin de dar a coñecer convocatorias para formación de persoal investigador que verán a luz a través de institucións como GAIN da Xunta de Galicia, Agencia Española de Investigación, as bolsas do European Research Council ou os programas impulsados dende a Fundação para a Ciência e a Tecnologia (Portugal). Ademais, o mércores 16 pola tarde houbo unha sesión titulada **‘Colaboración universidade e empresa: raíces para un futuro sostible’** no que se deron cita empresas de sectores aliñados cos eixos de investigación do Campus Terra para coñecer os seus plans de investigación, necesidades de persoal, así como a opinión que teñen da formación que se imparte nas universidades.

Consultar información en: <https://www.usc.gal/gl/congreso/mocidadecampusterra>.





Gastos relacionados con material de imprenta (cartelería, programas, *merchandising*) e minutas dos poñentes das mesas redondas...).

### 3.3. Potenciar a colaboración entre grupos de investigación e participación en redes

#### 3.3.1. Proxectos colaborativos

Por Resolución Reitoral de 5 de febreiro de 2024 foron convocados proxectos colaborativos Campus Terra no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra. Nesta ocasión **coa particularidade de que estiveran liderados por persoal investigador contratado con título de doutor**. Os proxectos tiñan que estar vinculados a algún dos eixos de especialización do Campus Terra.

Presentáronse 13 solicitudes das que se concederon 10 cun importe de 8.000 € cada unha a desenvolver o proxecto nun período de 12 meses dende a súa resolución. Os proxectos foron avaliados por un tribunal formado por 4 persoas, 3 externas a USC, como se pode comprobar na convocatoria publicada en: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/125054/carga.htm>

O conxunto dos proxectos presentados superaron os 60 puntos de puntuación mínima requirida e procuraron ser o máis multidisciplinares posible (estiveron compostos por 2-5 áreas de coñecemento). Os solicitantes que, nesta convocatoria, resultaron beneficiados por orde de puntuación (que oscilou entre 85,6 e 71,5) foron:

1. **Desenvolvemento de biomateriais a base de polisacáridos con antioxidantes sintéticos catalíticos: Innovación no envasado activo de alimentos** (BIOPACK-A2). IP: Cazón Díaz, Patricia. Eixo: Alimentación Segura e Saudable.
2. **Estudo mineral en cerebros de pacientes caninos con síndrome de disfunción cognitiva como modelo de enfermidade de Alzheimer aplicando técnicas de intelixencia artificial** (MIDICO). IP: Orjales Galdo, Inmaculada. Eixo: Saúde animal/Unha única saúde.
3. **Calidade e sustentabilidade de sistemas forestais degradados pos-incendio. Unha aproximación multidisciplinar** (E4DUCASOILfire). IP: Souza Alonso, Pablo. Eixo: Xestión Forestal Sostible.
4. **Estudo do mecanismo molecular de regulación da motilidade espermática en mexillón**. IP: Flament Simón, Saskia. Eixo: Cambio climático.
5. **Estudo do xabarín como reservorio de cepas de E.coli con capacidade patoxénica extraintestinal para o home** (JABACOLIX). IP: García Menéndez, Vanesa. Eixo: Saúde animal/Unha única saúde.
6. **Optimización da edición xenética CRISPR/cas9** (CRISP-NANOXEN). IP: Rubiolo Gaytan, J. Andrés. Eixo: TICs e e Ómicas.
7. **Fungos de implicación potencial en Neumonitis por hipersensibilidade: identificación, metabolitos e toxicidade** (HIPANTOX). IP: González Jartín, Jesús María. Eixo: Saúde animal/Unha única saúde
8. **Avaliación da influencia do benestar animal na calidade do leite e saúde humana** (STARWELL). Eixo: Saúde animal/Unha única saúde
9. **Máscara para reducir emisións de metano en gando vacún** (BOVIMASC). IP: Enrique Comesaña. Eixo: Cambio climático
10. **Monitorización ambiental: Troitas como indicadores de contaminación no lagos de As Pontes** (ECOTROITASPONTES). IP: Rodríguez Bermúdez, Ruth. Eixo: Biodiversidade e Infraestruturas Verdes.

Os gastos deste apartado foi o realizado por cada un dos grupos para a realización dos proxectos colaborativos (material de laboratorios fundamentalmente e contratación de pesoal).

### 3.3.2. Participación en redes internacionais e mobilidade.

Campus Terra participa activamente en varios foros europeos de gran importancia para o sector primario a través de distintos investigadores do Campus Terra, a continuación presentase algúns exemplos:

- Dentro do do **AGRI - DG Agriculture and Rural Development da Unión Europea**, participa como experta a investigadora **Ana Isabel Barreiro Buján**, concretamente no sub-grupo *Factory Farming* do grupo *Expert group for technical advice on organic production* (EGTOP).



- **International Partnership for the Satoyama Initiative - IPSI** (<https://satoyama-initiative.org/>), organización promovida polo Ministerio de Medio Ambiente de Xapón (MOEJ) e o United Nations University - Institute for the Advanced Study of Sustainability (UNU-IAS). A Escola Superior de Enxeñaría de Lugo (EPSE) é colaborador habitual e está presente nesta organización, sendo o responsable da mesma **Emilio Rafael Díaz Varela**, profesor titular da USC.
- **A Asociación Europea de Innovación para a Produtividade e Sustentabilidade Agrícola (EIP- AGRI)** ten como obxectivo fomentar un sector agrícola e forestal competitivo e sostible, que contribúa a garantir unha subministración constante de alimentos, pensos e biomateriais e á xestión sostible dos recursos naturais esenciais dos que dependen a agricultura e a silvicultura, traballando en harmonía co medio ambiente. Para lograr este obxectivo, EIP- AGRI reúne aos actores da innovación (agricultores, asesores, investigadores, empresas, ONG, etc.). Campus Terra participa por segunda vez no consorcio ao que foi adxudicada a licitación da Comisión Europea do contrato marco de servizos en rede de apoio da Política Agrícola Común (PAC). Procedemento de contratación AGRI/2020/ OP/0005, que facilita un achegamento as políticas da Unión Europea para o impulso da innovación nos sectores agrícola e forestal, así como conecta os mundos da investigación e da produción para os devanditos sectores. Nesta asociación participan varios investigadores do Campus Terra:
  - Francisco José Ónega López
  - Beatriz Guimarey Fernández
  - Rocío Losada Iglesias
  - Xurxo Loureiro Veira
- Participación do Campus Terra na **rede CRUSOE - Sistemas Agroalimentarios Competitivos** – rede que impulsa o desenvolvemento rexional e a especialización intelixente do Suroeste de Europa na que se conta con investigadores do Campus Terra (Santiago Pereira Lorenzo e Pablo Ramil Rego), concretamente en accións de innovación e investigación baseadas no *Program Horizon Europe 2023-2024 - Cluster 6: Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture and Environment* y *EIC Pathfinder*.
- **Association of Geographic Information Laboratories of Europe (AGILE)**. Asociación de Laboratorios de Información Xeográfica de Europa. Con máis de 80 membros, ofrece un foro para que investigadores e educadores de información xeográfica se reúnan e intercambien ideas (<https://agile-gi.eu/>). Forma parte de esta Asociación, o investigador **David Miranda Barros**, experto en Sistemas de Información Xeográfica e director da plataforma SIT (Sistemas de Información Territorial) do Campus Terra.
- O investigador **Santiago Pereira-Lorenzo** e o vicepresidente da ISHS Division Temperate Tree Nuts (DNUT). International Society for Horticultural Science. 2022-2026.
- Participación do grupo «Sistemas agroforestais e agroecolóxicos AGROFORECOL» do Campus Terra na «**Global Alliance Smart Agriculture**», organización na que participan 500 institucións de todo o mundo. A investigadora do Campus Terra, Rosa Mosquera lidera o grupo de traballo «Enabling Environment».
- Rosa Mosquera Losada, investigadora del grupo AGROFORECOL do Campus Terra lidera a nivel español o «Flagship Agroecology & Agroforestry» promovido polo Ministerio de Agricultura español dentro da **Global Research Alliance**, no que participan 67 ministerios de distintas partes do mundo.

- César Pérez Cruzado, investigador RyC de Campus Terra. Miembro na «Alternate Representative por España ante el International Council de la Unión Internacional de Organizaciones de Investigación Forestal (IUFRO), desde o ano 2020.
- César Pérez Cruzado, investigador RyC Campus Terra. Deputy Officer de la Division 4.02.02 (Inventarios Forestales Multipropósito) de IUFRO, desde o ano 2024.
- Mobilidade de Rocío Losada Iglesias para estadia na **Universidade de Wageningen** co fin de deseñar proxectos conxuntos no ámbito de infraestruturas verdes.

**Neste apartado non houbo gastos por parte do Campus Terra.**

### 3.4. Participación en proxectos internacionais

#### Concedidos en 2024:

1. Transnational strategy for restoring Northern Iberian Natura 2000 high conservation value areas under a global change perspective (LIFE23-NAT-ES-LIFE GLOBAL) IP: Pablo Ramil Rego.
2. Sustainable Soil and Subsoil health promotion by implementing agroecological land use and management to enhance ecosystem services delivery for society (SUS-SOIL) IP: Rosa Mosquera Losada.
3. Innovative cultivation methods for marine biodiscovery (COMBO). IP: Luis Botana López.
4. DIGItal innovation and data technology network for RANGELAND livestock farming systems (DIGI-Rangeland). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria Convocatoria HORIZON-CSA (Sen determinar cuantía no momento de peche desta memoria).

#### Solicitados en 2024 e pendentes de concesión:

1. European advisory and extension networks on forestry (FORADVISE). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-CSA
2. Green Transition through Cooperation models (GRRENCOP). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA.
3. Transformative and Sustainable Business and Production Models for Resilient Farmers and Rural Communities (SUSTAIN4RURAL). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA.
4. Decarbonisation of concrete structures through carbon storage in mixed timber-concrete structural systems for sustainable industrialised architecture in the New European Bauhaus LIFE24-CCM-ES-LIFE TIMBER FOR ALL). IP: Manuel Gaita Fernández. Convocatoria LIFE-PJG.
5. Systemic Solutions for Monitoring and Managing Nitrogen in European Ecosystems (NITROFLUX). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA

6. NExt-gen decision Tools for the adoption of greener Soil Organic amendment solutions via implementing LivingLab projects of urban restoration (NET-SOLL). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA
7. Re-Vitalizing Soil Health with Practice Proof Monitoring and Cloud based AI supported Evaluation Systems in Co-created Living Labs.( VITALAB2TERRA) IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA
8. Soil Health in Living Labs: Co-creating and Scaling Sustainable Soil health Solutions. (SOLILA) IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA
9. Local Action, soil Nurturing strategies and Dashboard utilization to Save and preserve soil health while enhancing agricultural resilience in Africa (LANDSAVEAFRICA). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA
10. Co-Developing Soil Health Strategies and Implementing Living Labs for Sustainability in the Mediterranean (SOILCOP). IP: Rosa Mosquera Losada. Convocatoria HORIZON-RIA
11. Hypothalamic cell changes during menopause: the neuroendocrine origin of its metabolic alterations (HYPOPAUSE). IP: Ismael González García. Convocatoria HORIZON-ERC.
12. Fungal Bioactive Potential Discovery through Innovative Strategies and Multidisciplinary Approaches. (FUNDISCOVER). IP: Jesús María González Jartín. Convocatoria HORIZON-ERC.

**Os gastos neste apartado foron os referidos a preparación de candidaturas Horizonte Europa.**

Para rematar este apartado referido a Dimensión **INVESTIGACIÓN**, podemos dicir que a Universidade de Santiago (USC) mellorou a súa puntuación no ranking de Shanghai en 2024, unha clasificación elaborada polo *Academic Ranking of World Universities* (ARWU). Nesta ocasión, a entidade compostelá pasa á franxa **501-600 das mellores universidades do mundo**, o que supón un incremento con respecto ao ano pasado, que estaba entre 601 e 700.

No **ranking de materias** de Shanghai deste ano, a USC destacou en trece materias diferentes, estando directamente vencelladas co Campus Terra, as seguintes: **as enxeñarías destacaron en Ciencias Agrarias, 201-300 e en Ciencias Ambientais, 301-400; tamén destacou Veterinaria, 101-150 e Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos, 151-200**. Esta clasificación elabórase en base a diversos indicadores, como a transferencia de coñecemento, a calidade da investigación, as colaboracións internacionais e a dimensión internacional. <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2024/08/15/usc-mejora-ranking-shanghai-colica-600-mejores-universidades-mundo/00031723715169995686404.htm>


### 3.5. Contratación dun técnico de Innovación e Xestión de I+D+i

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da investigación no Campus Terra foi necesaria a adscrición dun Técnico superior de xestión con perfil de Innovación e Xestión de I+D+i (José Manuel Rebolo González).

**Os gastos neste apartado consisten no contrato anual do técnico descrito.**

# Dimensión 04

## Interacción co tecido produtivo



### Puntos de control:

No punto 2.7. do protocolo asinado, **plataformas tecnolóxicas do campus**, indícanse os seguintes puntos de control:

- *Reforzo das plantillas e dos equipamentos asignados as plataformas técnicas do Campus Terra.*
- *No prazo dun ano debe ser presentado un proxecto de reforzo das plataformas técnicas baseado nun estudo de necesidades valorado economicamente.*

Unha estratexia clara de investigación debe ir da man dunha transferencia eficiente do coñecemento xerado a sociedade. Nesta dimensión tratouse de intensificar e mellorar a colaboración cos axentes do tecido productivo, social e económico a través dunha mellor oferta das capacidades e servizos que ofrece o Campus Terra. Para elo é necesario desenvolver estratexias e accións conxuntas que redunden nunha maior aprendizaxe e xeración de coñecemento que responda as necesidades que o mercado esta demandando. Ese coñecemento xerado debe repercutir directamente na contorna a través da transformación de novos produtos, desenvolvemento de novos servizos e modelos de negocio que xeren valor engadido e un emprego de maior calidade.

As liñas de actuación propostas nesta dimensión e as súas accións resumidas na anualidade 2024 descríbense a continuación.

## 4. Liñas de actuación e accións executadas en 2024 - Interacción Tecido Produtivo

---

### 4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo

Estase a deseñar un mapa visual e interactivo coa carteira de servizos que desenvolven as unidades e grupos de investigación do Campus, así como as infraestruturas xerais e equipos cos que se conta ao dispor do sector produtivo. Este mapa de capacidades contará cun buscador avanzado que permita a procura de ditos servizos/infraestruturas por «palabras chave». Ademais, e como punto diferencial, a esta ferramenta de procura integrarase un «**Punto de Información Centralizado Terra (PICTERRA)**». A primeira fase desta ferramenta dixital de contacto e asesoramento único ten como obxectivo canalizar as consultas en canto a servizos, equipamentos e posibles colaboracións en materia de investigación e transferencia co sector produtivo, e que a súa vez redunde na promoción e impulso da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico na contorna.

Dito mapa de coñecemento e ferramenta estase a implementar dentro da propia web do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>) e permitirá reforzar a estratexia de comunicación e visibilidade do mesmo.

**Os custes para o análise técnico, desenvolvemento e implementación da ferramenta dixital PICTERRA (Punto de Información Centralizado para Campus Terra) foron destinados a contratación dun servizo externo, concretamente a empresa estati.co CB. S.L.**

### 4.2. Programas de formación para profesionais dos sectores produtivos

Analizada a demanda do sector produtivo, durante o segundo semestre de 2024 impartíronse as seguintes formacións enfocadas ao sector primario e alimentación.

#### **Obradoiro sobre análise sensorial de produtos lácteos**

09.05.2024 | 9 horas

N.º inscritos: 8

Poñentes: Rebeca Carballo, Paz Fernández Albalat

Coordina e organiza: APLTA-USC

Contido: o obradoiro ten unha marcada orientación práctica e foi dirixido a profesionais do sector, incluíndo; probas de agudeza sensorial: vista, olfacto e gusto; Probas discriminativas e limiares sensoriais; Avaliación sensorial de leite, iogures e manteiga; Avaliación sensorial de diferentes tipos de queixo.

### Curso de Elaboración de Queixos de Pasta Branda

27, 28 e 29 de febrero de 2024 | 15 horas

N.º inscrites: 21

Poñentes: David Muñoz Romero (CHR. HANSEN), José Manuel González Carrera (CHR. HANSEN), Juan Ventura Trillo Novo (Responsable do laboratorio de propiedades físicas da APLTA) e M.<sup>a</sup> Paz Fernández-Albalat Ruiz (Responsable do laboratorio de análise sensorial da APLTA)

Coordina e organiza: APLTA-USC en colaboración con CHR Hansen

Contido: Tecnoloxía da elaboración de los queixos de pasta branda, mellora de produtividade e rendementos: aplicación de COAGUSENS™ e aplicación del análise de propiedades físicas e análise sensorial na valoración de pastas brandas.

### Obradoiro sobre as posibilidades de cultivo do sabugueiro en Galicia

30.09.2024 | 8 h

N.º inscrites: 23

Poñentes: Eva González Pérez, Nelson Alonso, Santiago Lamosa Quinteiro, Martín Barrasa Rioja, Julián García Berrios ou Paula Fajardo Bernárdez

Coordina: Julián García Berrios.

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O curso ten como obxectivo dar a coñecer os métodos de cultivo e propagación desta especie, así como os seus usos e propiedades, produción e criterios que se deben seguir para deseñar novas plantacións, así como respecto do manexo do seu cultivo.

### XVII Curso de Cogomelos Comestibles e Velenosos de Galicia do Campus Terra

21.10.2024-25.10.2024 | 15 h

N.º inscrites: 45

Poñentes: Juan Luis Fernández Lorenzo, Julián Alonso Díaz, Roque Julio Rodríguez Soalleiro e Antonio Rigueiro Rodríguez

Coordina: Antonio Rigueiro Rodríguez

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Contido: O obxectivo é que os asistentes ao curso coñezan a importancia dos cogomelos como producións non madeireiras do bosque e que sexan capaces de identificar as especies máis importantes de Galicia de fungos superiores que producen cogomelos, tanto comestibles coma velenosas. Tamén se abordará a importancia da silvicultura, concretamente as técnicas culturais e silvícolas que melloran a súa produción.



### **Seminario: Dixitalización integral nas empresas agroalimentarias (tamén impartido para alumnado)**

18.04.2024 | 2,5 horas

N.º inscritos: 78

Poñente: Hugo Criado

Coordina: Sandra Castro González

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contido: O obxectivo desta formación é concienciar sobre a importancia da dixitalización como ferramenta para mellorar a eficiencia, trazabilidade e sustentabilidade no sector agroalimentario. Inspirar e fomentar entre o estudiantado universitario ideas innovadoras e creativas e proporcionar formación e información sobre as tecnoloxías emerxentes e mesmo sobre as ferramentas dixitais aplicadas ao sector agroalimentario xa accesibles constitúen outros dos cometidos do curso.

### **Xornadas de formación «Aplicación de novas tecnoloxías para unha xestión eficiente da auga no sector agrario galego»**

30.10.2024-15.11.2024 | 3 horas

Poñentes: Tomas S. Cuesta; Teresa Teijeiro e Javier J. Cancela

Organiza: EDIH DATAlife

Contido: Esta formación configúrase como unha ferramenta para informar as participantes cales son as solucións dispoñibles ante a crecente preocupación do sector agrario pola sustentabilidade e a optimización de recursos hídricos

**Os custos de cursos para o sector primario consistiron en gasto de material funxible para a realización dos cursos de queixos na APLTA, minutas de relatores e desprazamentos.**

## **4.3. Impulso das plataformas científicas/tecnolóxicas do Campus Terra**

As Plataformas Científico Tecnolóxicas constitúen un exemplo dos recursos e capacidade de transferencia do Campus Terra, xa que ofrecen unha ampla gama de servizos tecnolóxicos, tanto para as propias estruturas de investigación da USC como as alleas (empresas e outras institucións).

Na anualidade 2024 impulsáronse as catro plataformas, sobre todo, no que respecta a estabilización dos seus cadros de persoal.

### 4.3.1. Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)

O **plan de viabilidade da APLTA** xa foi presentado no exercicio 2022. Neste ano 2024 séguese a traballar na implantación da norma **ISO 9001** nos catro laboratorios do que dispón esta plataforma.

Tamén realizouse unha actualización das tarifas desta plataforma que se aprobarán a finais deste ano e que ten por obxectivo facer máis competitivos os servizos da APLTA e acadar maior cota de mercado, especialmente no que atangue aos servizos dos laboratorios e da área de formación.

Por outro lado, na APLTA estase a completar o proceso de **estabilización do persoal** que se iniciou en 2023, de tal xeito que oficialmente e mediante resolución reitoral en 2024 consolidáronse **11 prazas de Técnicos Superiores de Investigación**. Están pendentes de consolidar outras tres prazas cuxo concurso-oposición está vixente nestes intres de 3 Técnicos Especialistas en Investigación.

Este ano a APLTA recibiu a súas instalacións a visita, entre outros, do Campus Industrial de Ferrol e do Campus da Auga de Ourense (Directores e Vicerreitoras/es), xunto coa Subdirectora Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Consellería de Educación, Irene Bonome Gradaílle e a Xefa do Servizo de Planificación e Estruturação da Investigación, Mercedes Vázquez Santamarina.

Igualmente, recibíuse a visita de profesores e estudantes do Grao en «*Ingeniería en Gestión de Redes Agroalimentarias de la Universidad Autónoma de Chapingo*» (México). E tamén a visita de representantes da empresa NANTA para coñecer a planta piloto.

Ademais destas visitas institucionais, a APLTA acolle visitas académicas de diversas titulacións do Campus e de outros organismos educativos, como por exemplo: alumnado da materia de Tecnoloxía Alimentaria (Fac. Veterinaria); alumnado do máster en Enxeñaría Agrónoma (EPSE); alumnado do Máster de Innovación, Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria (Fac. Ciencias); profesorado do grao de FP en Industrias Alimentarias (IES Escultor Juan de Villanueva, Asturias); etc. Este tipo de visitas complementan a actividade do centro, que ademais de centrarse na innovación en tecnoloxías alimentarias, aporta unha vertente académica e formativa a futuros profesionais.

Cabe mencionar, que ademais destas visitas se celebraron varios eventos comerciais que buscaban a difusión e promoción dos servizos ofertados dende a APLTA. Estes eventos, organizados en colaboración con outras entidades, foron os seguintes:

- *Insight Day: Food Challenges 2024*, celebrado o 23 maio 24 e co-organizado con IMCD. Consistiu en *whorkshops* grupais simultáneos e rotatorios durante 7 horas que tiñan por obxectivo superar diversos retos de innovación alimentaria.
- *Beyond the lab*, celebrado o 19 outubro de 2024 e co-organizado coa consultoría Ingenyus. Consistiu en relatorios informais sobre innovación que trataron de achegar a realidade de científicos e investigadores máis alá do laboratorio, falando dos seus éxitos e fracasos.
- *Respostas eficientes aos desafíos da industria alimentaria: tecnoloxía, innovación e optimización*: celebrada o 29 de outubro de 2024 na APLTA e co-organizado con Kersia e BioMérieux.

A APLTA tamén tivo representación en Feiras de alimentación, congresos... como por exemplo:

- Participación con stand propio na *Feira Internacional de Alimentación Food4Future* de **Bilbao**, do 16 ao 18 de abril de 2024.
  - Participación con stand propio na *I Feira de Educación, Formación e Emprego* co-organizada pola Xunta, celebrada en Lugo o 23 de maio de 2024.
- *Galicia Biodays 2024*, celebrada no Auditorio do Mar de Vigo do 12 ao 13 de xuño de 2024, e no que se fixo unha presentación do catálogo de servizos da APLTA.
- Presentación do proxecto *Smartz4Milk (PERTE Agroalimentario)*, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e organizado por CLUSAGA o 9 de xullo de 2024.
  - Participación como xurado nos *Premios Cincho 2024*, celebrado en **Palencia** do 9 ao 11 de setembro de 2024.
  - *Feira Fromago Cheese Experience*, celebrada do 12 ao 15 de setembro de 2024 e organizada por EILZA (**Zamora**).
  - Xornada de Innovación «*A Alimentación do futuro*», organizado por AINIA e celebrado o 16 de outubro de 2024 no Parque Tecnolóxico de Paterna (**Valencia**).

### 4.3.2. Plataforma de Enxeñaría da madeira estrutural (PEMADE)

En «**Outra documentación de soporte**» - **Interacción Tecido Produtivo** a esta memoria, pode consultarse o **Plan de Viabilidade de PEMADE** desenvolvido este ano pola consultora Estratega Consulting S.L. e presentado en outubro de 2024. Na Plataforma de Enxeñaría da Madera Estructural (PEMADE) deseñouse un plan de viabilidade co obxectivo de facer unha diagnose da situación desta plataforma, identificando e poñendo en valor as principais fortalezas en termos de tecnoloxías, medios, infraestruturas e equipo humano. Este plan de viabilidade centrouse na estruturación e dimensionamento da carteira de servizos, tendo en conta datos actualizados en canto a custos e horas de recursos humanos. Unha vez feito isto, xerouse un escenario de ingresos baseado nas anualidades previas e proxectado a través dun plan de acción ata 2027.

Neste plan de acción recóllense as seguintes accións a acometer coas súas respectivas actividades: Impulso e proxección da actividade, Comunicación e desenvolvemento de rede, Captación e retención de talento e desenvolvemento organizativo (ver «**Outra documentación de soporte**» - **Interacción Tecido Produtivo**).

Por outra banda, no «Informe anual 2023» emitido por PEMADE en abril de 2024, establécese que nos últimos 5 anos o financiamento da Plataforma se sustentou principalmente en proxectos de I+D+i públicos (72 %) pero tamén de servizos a empresas (28 %). Nestes datos observase un aumento dos ingresos procedentes de servizos a empresas, o que demostra unha aposta pola competitividade das capacidades desta plataforma.

Ao igual que na APLTA, o proceso de estabilización iniciado en 2023 continuou no 2024. Se en 2023 se lle concedía a condición de interinidade a unha Técnica Superior de Investigación, en 2024 convocouse **outra praza de Técnico Superior de Investigación** (persoal laboral fixo) que a data 30 de outubro atopase na realización da terceira proba.

### 4.3.3. Plataforma de Secuenciación e Xenómica Funcional

En «**Outra documentación de soporte**» - **Interacción Tecido Produtivo** achégase o **Plan de Viabilidade** presentado en febreiro de 2024 e realizado pola consultora Estratega Consulting S.L.

Para esta anualidade de 2024, a plataforma iniciou a modernización e elaboración dunha web propia en triplo idioma, ter unha maior repercusión en comunicación con campaña en redes sociais co obxectivo de acadar unha maior facturación no que respecta a servizos prestados a empresas do sector.

En canto a o persoal hai que mencionar a recente estabilización dunha **Técnica Especialista de Investigación: Lucía Insua Díaz**, responsable das tarefas de procesado de mostras.

### 4.3.4. Plataforma Sistema de Información Territorial (SIT)

O cometido da plataforma Sistema de Información Territorial é proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos investigadores da USC e ao resto da sociedade en aspectos referidos ao manexo de información relacionada co territorio ou cunha compoñente xeoespacial. Para elo, impulsa accións para facilitar a explotación de información e tecnoloxías SIX e de Teledetección.

Neste ano para reforzar o persoal da plataforma estabilizouse **1 Técnico Especialista de Investigación: Zeus González Fernández**.

**Os gastos deste apartado refírense a elaboración dos plans de viabilidade da plataforma PEMADE, custos asociados a solicitude e rexistro na OEPM dun modelo de utilidade da plataforma e o remate da plataforma Xenómica Funcional por parte da empresa Estratega S.L. e de gastos derivados da posta en marcha da ISO 9001 na APLTA e da adquisición de pequeno equipamento na APLTA.**

## 4.4. Elaborar programas de valorización e protección de resultados de investigación

### 4.4.1. Posta en marcha do I Programa de Activación e Transferencia de coñecemento no Campus Terra

Neste exercicio executáronse os proxectos do **I Programa de Activación e Transferencia de coñecemento no Campus Terra** convocados a finais de 2023. O obxecto deste programa é a financiación de proxectos con resultados de investigación que estean nunha fase de desenvolvemento e validación inicial (TRL 4 ou 5) e que necesiten un proceso de validación técnica que lles permita acceder a niveis de madurez tecnolóxica avanzada e acometer así novas probas de concepto ou escalado. Por ese motivo, o Campus Terra ofrece ferramentas de valorización para que a investigación xerada nos grupos de investigacións afíns aos eixos de especialización do propio campus, sexa orientada e posúa máis potencial para a súa transferencia a empresas e entidades públicas.

Levouse a cabo unha convocatoria pública a través da lista de distribución de Campus Terra, na que se presentaron 7 proxectos, dos que cumpriron os requisitos solicitados 6 deles, os cales detállanse a continuación:

- **Modelo de resposta temperá a lumes forestais mediante intelixencia artificial (AI\_LUME).** IP: Manuel Francisco Marey.
- **Test digital de memoria (LUDUS).** IP: Sonia Valladares.
- **Creación dunha nova fórmula infantil optimizada en base a leite A2 (ProA2).** IP: Cristina Fente.
- **Desenvolvemento de dispositivo point of care para medición de Ca en granxa (FotoCa).** IP: Marta Miranda.
- **Desenvolvemento dun dispositivo térmico intravaxinal de monitorización do estrés por calor en vacún de leite (DISPOTERM).** IP: Rodrigo Muiño.
- **Formulación de inóculos do carbón do millo para produción do Huitlacoche galego ou trufa do millo (HUITGAL).** IP: Cristina Cabaleiro.

O 24 de setembro de 2024, celebrouse unha xornada de presentación de resultados dos proxectos arriba indicados, na que os responsables de cada un deles deu contas dos logros acadados e das actividades que deron lugar a ditos resultados. Hai que sinalar que estes proxectos, se atopaban nun nivel TRL 4-5 e co financiamento recibido, puideron avanzar, nalgúns casos, a un nivel TRL 6-7. Proba deste avance é a existencia de empresas e/ou institucións interesadas no uso ou comercialización das innovacións desenvolvidas.

**Os custos neste apartado de proxectos de Activación a Transferencia do Coñecemento do Campus Terra financiouse unha parte do custo total de cada proxecto no 2023, quedando pendente o resto para esta anualidade, especialmente as contratacións de persoal. Os distintos proxectos en material de laboratorio, encargos a servizos xerais da USC e externos, desprazamentos a campo, etc.**

### 4.5. Desenvolver actividades de transferencia e innovación

Ao longo do ano 2024 desenvóléronse xornadas sectoriais sobre Transferencia Universidade-Empresa destinados a empresas e investigadores para identificar oportunidades de innovación entre ambos. Estes encontros anuais de transferencia Campus Terra-Empresa teñen como obxectivo principal estreitar vínculos coa contorna empresarial, propiciando o achegamento e sinerxía do Campus Terra as empresas, centros tecnolóxicos, clúster e asociacións e dando a coñecer os resultados e as diferentes liñas de traballos dos grupos de investigación do campus ao tecido empresarial. Ademais, promoveuse a innovación e a cultura emprendedora na comunidade universitaria a través de diferentes eventos e programas.

Tamén se facilitou apoio a creación de empresas baseadas en resultados de investigación (*spin-off*) dalgúns grupos de investigación do Campus Terra como outra vía de transferencia do coñecemento.

### 4.5.1. Eventos de transferencia e emprendemento realizados durante o exercicio 2024

#### 27 e 28 de xaneiro e 20 de marzo de 2024. Sesión de apertura e Reunión de expertos do proxecto Atlantic Innoblue Communities (ATLIC)

O proxecto **ATLIC**, unha iniciativa transnacional, cofinanciada polo programa Interreg Atlantic Area da Unión Europea promovido por entidades e institucións de España, Francia, Irlanda e Portugal no que o campus de especialización da USC asentado en Lugo colabora como asociado. ATLIC aspira a construír unha comunidade azul piloto de innovación atlántica a través da activación de laboratorios abertos de innovación, transferencia de coñecemento, creación de capacidades e redes de apoio e como principal obxectivo, a creación dun novo enfoque para a innovación e o emprendemento xuvenil no desenvolvemento da economía azul do Espazo Atlántico.

O enfoque do proxecto, estruturado en sesións de formación activa dirixidas a mozas de entre 16 e 30 anos e que se prolongarán durante tres anos, busca optimizar e aglutinar as sinerxías entre a mocidade, PEMES, institucións públicas e privadas en aras a un desenvolvemento económico sostible que favoreza a innovación e a creación de novas oportunidades de emprego. Os resultados alcanzados nestas sesións poderían servir para desenvolver solucións de mercado a desafíos comúns das rexións do chamado espazo atlántico.

#### 27 e 28 de xaneiro de 2024| Sesión de apertura do proxecto ATLIC

O Complexo Residencial Xuvenil Lug 2 de Lugo converteuse no escenario para a primeira *Opening session* do Proxecto ATLIC. A Directora Xeral de Xuventude e Tempo Libre e a Delegada do Reitor para o Campus Terra participaron xunto con outros *stakeholders* do proxecto Atllic no Lanzamento do Proxecto en España.



Este evento, que marcou o inicio dunha serie de actividades locais dentro do proxecto, destaca a importancia da participación activa da mocidade na construción dunha Europa máis concienciada co concepto da Economía Azul. A cal será a temática principal durante o próximos tres anos de duración do proxecto.

A dilatada experiencia que atesoura a sede universitaria en programas de emprendemento universitario, tanto os promovidos por iniciativas privadas como a través de convocatorias públicas, como un activo que se pode trasladar desde a USC á mocidade implicada no proxecto ATLIC. Tamén a relación de moitas das liñas e dos proxectos de I+D desenvolvidos ou nos que traballa a comunidade científica do Campus Terra xustifica a súa implicación no programa, actuacións orientadas ao aproveitamento dos recursos mariños, así como proxectos enfocados ao control e eliminación de toxinas emerxentes, ademais doutros no plano da acuicultura, recuperación de especies en perigo de extinción, aproveitamento de augas rexeneradas, aproveitamento de algas e de descartes de peixe, iniciativas a prol da mitigación do cambio climático.



<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/campus-terra-promove-innovacion-empredemen-to-xuvenil-marco-economia-azul-proxecto-atlic>

### **20 de marzo de 2024 | Encontro de Expertos e socios do Proxecto ATLIC**

Representantes de universidades e diversas entidades europeas implicadas no proxecto ATLIC reuníronse no Campus Terra e definiron algúns dos retos, desafíos e oportunidades de emprendemento e innovación que ofrece o Espazo Atlántico para o desenvolvemento de proxectos innovadores por parte dos mozos. A definición das prioridades do traballo para desenvolver para avanzar na creación dun novo enfoque para a innovación e o emprendemento xuvenil no desenvolvemento da economía azul do Espazo Atlántico. Neste encontro tamén Intercambiáronse as diversas iniciativas propostas polos mozos dos seus respectivos países para avanzar na constitución dunha comunidade de innovación atlántica capaz de achegar á sociedade novas oportunidades de negocio e tamén novos servizos que dean resposta aos desafíos reais.



<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/universidades-entidades-europeas-acordan-usc-desafios-oportunidades-economia-azul-proxecto-atlic>

### **1 de marzo de 2024. Entrega de premios do Programa de Emprendemento ARGOS**

O programa ARGOS é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC e o seu obxectivo é sensibilizar e adestrar estudantes e persoal investigador da USC no proceso de elaboración do plan de negocio e promover a creación de empresas na comunidade universitaria, tomando como eixes o traballo en equipo e o sistema de aprender facendo. A través da creación de equipos multidisciplinares, o programa busca construír proxectos de negocio innovadores, capaces de afrontar os retos do mercado, e remata cun proceso de avaliación no que resultan premiados os proxectos con máis posibilidades de converterse nunha empresa viable.

Establécense dúas categorías de premios: Argos Spin, ao que optan os plans de empresa desenvolvidos a partir dalgún dos resultados de investigación xerados na USC e Argos Enxeño, no que compiten os plans xurdidos de ideas de negocio que achegaron algunhas das persoas participantes no programa.

Nesta edición un proxecto do Campus Terra promovido por un médico do HULA, «REDILE», un asistente de rehabilitación da linguaxe teledirixida, controlada por Intelixencia Artificial, fíxose co premio ao mellor proxecto Argos Enxeño.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/argos-premia-asistente-rehabilitacion-linguaxe-tecnoloxia-potenciar-densidade-osea>

### **23 de maio de 2024. DemoDay do Programa Explorer no USC LUGO SPACE**

Promover a innovación. Impulsar o emprendemento. Premiar a pulsión por avanzar cara un futuro mellor para a nosa sociedade e para as xeracións que están por vir. Estas son as premisas fundamentais que fan do programa Explorer unha iniciativa tan interesante e necesaria a día de hoxe.



Promovido por Santander Universidades e coordinado polo Centro Internacional Santander Emprendimiento (CISE) coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e a consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, este programa leva varios anos ofrecendo formación para transformar proxectos emprendedores en futuros negocios viables e premiando aqueles cun gran compoñente innovador.

E nesta última **Demo Day do Explorer do USC Lugo Space**, foron recompensados tres proxectos destacados polo seu potencial no mercado: 1.º premio foi para **Novatech**, un proxecto que desenvolve produtos dixitais en 30 días para empresas, startups, axencias e consultoras que queren abrir novas liñas de negocio, conseguir os primeiros clientes, ou levantar roldas de financiamento. Ademais de desenvolver os seus propios produtos SaaS; 2.º premio foi para **ProA2**, proxecto de spin-off do Campus Terra que consiste na creación dunha nova fórmula infantil láctea para bebé elaborada con ingredientes funcionais, de proximidade e usando subprodutos da industria láctea, todo baixo selos de benestar animal e o 3.º premio foi para **OPTIMUU**, interface personalizable para o control e xestión de explotacións leiteiras que inclúe un modelo predictivo. interface personalizable para o control e xestión de explotacións leiteiras que inclúe un modelo predictivo. A través da Intelixencia Artificial e match learning, o sistema permite a visualización e interpretación de datos recolleitos na automatización de procesos no sector gandeiro. Este último proxecto foi seleccionado dentro dos 30 proxectos finalistas do xurado global de Explorer 2024 e pasando a fase final dos 10 proxectos internacionais que participaron en *crowdfunding*.

Destacar ademais que o centro USC LUGO SPACE conseguiu chegar a posición 11.ª do ranking internacional de universidades/centro de Explorer 2024 e 4.º centro finalista de España.



<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/explorer-premia-lugo-productos-dixitais-innovadores-formula-lactantes-ferramentas-predictivas-explotacions>

### 30 e 31 de maio de 2024. «Xornadas Técnica da Red OTRI»

Participación do Campus Terra nas xornadas técnicas promovidas pola rede española de Oficinas de Transferencia que tivo como sede a Universidade de Coruña. Nesta xornada tratáronse temas como as recomendacións sobre transferencia do coñecemento que emanan da Comisión Europea; estratexias e aplicacións prácticas da Intelixencia Artificial para potenciar a transferencia do coñecemento; transferencia e emprendemento con perspectiva de xénero, etc.

### 6 de xuño de 2024. «III Feira de emprendedoras de primavera: innovando no rural»

Un total de 34 mulleres que son «exemplo de innovación no rural» integraron a **III Feira de emprendedoras de primavera do Campus Terra**, que neste 2024 tivo lugar na Praza da Mosqueira de Lugo se centrou nas innovacións no rural. A través de 21 espazos expositivos de emprendedoras e tres mesas redondas, déuselle visibilidade as barreiras coas que se atopan as emprendedoras no medio rural e tamén os seus logros. O obxectivo desta feira é impulsar, orientar e axudar a todas as mulleres que queren iniciar o seu propio proxecto emprendedor, tanto se teñen unha idea que parte de cero coma se xa emprenderon e necesitan un novo rumbo. Nas diferentes mesas redondas e casetas expositivas analizáronse as características máis destacadas destes negocios rurais, moitos deles familiares e de tamaño moi pequeno. Tamén se facilitou o debate para establecer alianzas necesarias entre as emprendedoras que están a lanzar ou consolidar o seu proxecto.

Mesas redondas:

- «Iniciativas que xurden para recuperar a Cultura Tradicional Lucense».
- «Emprendedoras beneficiarias de iniciativas e axudas públicas ao emprendemento».
- «A realidade das mulleres que emprenden no rural».

<https://www.usc.gal/gl/campusterra/feira-emprendedoras>





### 12 e 13 de xuño de 2024. «Galicia Biodays 2024»

Participación do Campus Terra no Congreso de biotecnoloxía Galicia Biodays 2024 que tivo lugar no Auditorio do Mar de Vigo, e onde o Campus Terra ademais de participar no stand institucional da USC, levou proxectos e tecnoloxía protexida de cara a procura dun posible inversor ou empresa licenciataria.

### 29 de xuño de 2024. «Maker Faire Galicia 2024».

O Campus Terra, como xa vén sendo habitual, participa neste evento maker de creatividade e innovación, onde o Grao en Robótica do Campus Terra recibiu dous galardones, o primeiro premio a *mellor iniciativa de divulgación* da Maker Faire e tercer premio a *mellor iniciativa innovadora* co proxecto Firewatcher. Tamén o grupo de innovación docente Xuvenciencia do Campus Terra acadou o terceiro premio a *mellor iniciativa de divulgación* nesta edición.



<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/profesorado-estudiantado-grao-robotica-campus-terra-premiados-maker-faire-galicia>

### 19 e 20 outubro de 2024. «IV Edición da Terra Creative Jam: «CREA oportunidades para o Rural»». Campus Terra-Lugo Open Factory-AVTE USC

O Campus Terra organizou a **IV edición do Terra Creative Jam**, consistente en dúas xornadas de actividades para que as persoas mozas desenvolvan ideas de oportunidades no rural a través de sesións de ideación e creatividade. Ao longo destas dúas xornadas en fin de semana, ofrecéronse obradoiros, así como múltiples desafíos sociais, ambientais e

tecnolóxicos. No primeiro día as persoas asistentes (65 inscritos) puideron desfrutar de actividades como xogos de creación de ideas e proxectos sostibles, formación con *workshops*, *escape room* e escalada, entre outras. A segunda xornada consistiu nun *Hackaton* onde por equipos traballaron no seu prototipo para crear a súa solución e expoñela ante o xurado.

O evento tocou diferentes temáticas que foron dende a economía verde, o emprendemento das mulleres do rural ata o rexurdimento creativo e cultural. As ideas e produtos que se desenvolveron estiveron ligados ás temáticas do evento, 'CREA' oportunidades para o rural.

Os proxectos gañadores foron: 1.º premio «**BastAll**» centrado na creación dun bastón para persoas maiores con dificultades para a marcha adaptado a superficies rurais. O bastón ideado no marco deste proxecto incorpora un sistema de estabilización de caídas e un sistema de elevación asistida motorizada, que tamén se carga mediante batería solar. O 2.º premio foi para dous proxectos, «**Fogate**», unha empresa (Fog+(irrig)ate) especializada en dispositivos que recollen a auga da chuva para filtrala e producir enerxía con ela. A iniciativa Céntrase en zonas nas que, malia ter néboas, carecen dos afluentes necesarios para as terras agrícolas durante todo o ano, como as zonas costeiras ou de alta montaña e o proxecto Concha, un tráiler que contén unha máquina cunha IA que permite interactuar coas persoas maiores. O 3.º premio foi para «**Aldéame**», unha páxina web para buscar emprego no rural.

Lugar: Residencia Bal y Gay (Lugo)

N.º inscritos: 65

Datas: 19 e 20 de outubro

25 horas



<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/baston-sistema-estabilizacion-superficies-rurais-carga-enerxia-solar-proxecto-ganador-terra-creative-jam>

## 22 Outubro de 2024. «Presentación 8.ª Edición Programa de Aceleración VIAGALICIA» VIAGALICIA-CAMPUS TERRA.

Zona Franca de Vigo volve lanzar esta nova convocatoria do **Programa de aceleración Viagalicia na súa 8.ª edición** en Lugo desde Campus Terra, tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral. Viagalicia é unha aceleradora pública promovida pola Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia que se dedica a identificar e impulsar ideas de negocio con posibilidades de éxito de calquera sector produtivo, a través da formación, mentorización e aportando financiamento.

Temos que ter en conta que unha das obrigas dos campus de especialización é orixinar impacto na contorna e transferir coñecemento a sociedade. Unha das formas de facelo é crear emprego a través do emprendemento, creando empresas a partir de ideas (*start-up*) ou de resultados de investigación (*spin-offs*). Este programa supón unha oportunidade para que proxectos que se inician no Campus Terra nos programas de pre-incubación Argos ou Explorer poidan entrar na aceleradora ViaGalicia, que sería a seguinte fase. De feito nos últimos anos temos algúns exemplos de empresas que xurdiron neste Campus a partir do programa Explorer, que continuaron na aceleradora ViaGalicia e que hoxe están traballando e creando emprego na provincia de Lugo (Innogando S.L., 3eData S.L., LegalMit S.L.).

Ademais a raíz da edición 7.ª de ViaGalicia, estableceuse a colaboración para que o Campus Terra sea a sede en Lugo onde se desenvolva a primeira parte da aceleradora ViaGalicia para as provincias de Coruña, Lugo, Ferrol e Santiago, como pasou na edición 2023 e previsiblemente na 2024/25. Dita colaboración se concreta co desenvolvemento das seguintes actividades para a próxima anualidade no Campus Terra: Startup Day, Academia formativa e Demoday Day.



<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/aceleradora-viagalicia-procura-talento-emprendedor-campus-terra-usc>

**Os recursos invertidos para desenvolver actividades de transferencia e innovación foron destinados aos seguintes conceptos:**

- **Custos asociados a equipamento e ambientación para o desenvolvemento da «III Feira de emprendedoras de primavera: innovando no rural». A imaxe e outros gustos foron financiados por Woman Emprende da USC.**
- **Dietas e manutención de asistencia ao «Galicia Biodays 2024».**
- **Deseño e desenvolvemento da IV Edición da Terra Creative Jam: «CREA oportunidades para o Rural», asociado a material do evento, difusión e captación, deseño web, actividades, formacións e mentorizacións.**
- **Custos de café-networking da «Presentación 8.ª Edición Programa de Aceleración VIAGALICIA».**
- **Taxas de rexistros de propiedade intelectual de diferentes tecnoloxías desenvolvidas no Campus Terra ( RESIM, AUTHENTICAD, PPGIS WEB, PPGIS APP) e de custos de axencia de propiedade industrial para solicitude de patentes.**

#### **4.5.2. Creación de empresas baseadas en resultados de investigación.**

Este programa permitiu, a través do análise de potencial de transferencia e o deseño e creación dun Plan de Negocio específico, apoiar as iniciativas de base tecnolóxica xurdidas a través dos resultados de investigación de grupos de investigación do Campus Terra. O principal obxectivo é transferir ao mercado a tecnoloxía e *know-how* desenvolvido no Campus e xerar riqueza no ecosistema produtivo. Nesta anualidade levouse a cabo o asesoramento ao proxecto ProA2

Neste ocasión e froito do apoio do programa de Activación a Transferencia de coñecemento do Campus Terra e a participación no programa de emprendemento Explorer, a catedrática Cristina Fente xunto a investigadores do grupo de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos do Campus Terra, promoven actualmente o proxecto de emprendemento ProA2 un proxecto de creación dunha spin-off dirixida a fabricación e comercialización dunha nova fórmula infantil láctea para bebé elaborada con ingredientes funcionais, de proximidade e usando subprodutos da industria láctea, todo baixo selos de benestar animal. Neste proxecto, na que a nutrición e a funcionalidade serán o máis semellantes posibles ao patrón ouro que é o leite materno aproveítanse da funcionalidade do leite materno e as cousas boas do mellor leite galego 100 % A2, que procesan minimamente e que é o ingrediente principal da formulación. A partir de vacas en pastoreo e garantindo o benestar animal e o respecto polo medio ambiente, desenvolverase unha fórmula mellorada que superará os estándares esixidos pola lexislación.

<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/cristina-fente-primeiros-1000-dias-decisiones-desenvolvemento-saude-curto-longo-prazo>

**Custos: nesta anualidade o asesoramento foi feito pola técnica de Transferencia en Emprendemento contratada.**

## **4.6. Contratación técnico/a de Transferencia e Emprendemento**


Para o desenvolvemento destas liñas de actuación continua contratada unha técnica superior de xestión co perfil de Transferencia e Emprendemento dende o ano 2022 (Patricia González Alonso).





# Dimensión 05

## Información pública e transparencia





## 5.1. Informe anual estudo do impacto económico-social do Campus Terra

---

Por último, a rendición de contas é un obxectivo prioritario de Campus Terra. É moi importante que se xustifique con transparencia a xestión dos recursos e as actividades realizadas para conseguir unha maior implicación da comunidade universitaria no proxecto, de aí a obrigatoriedade de publicar un informe anual de actividades, xestión económica e autoavaliación do traballo realizado ao longo de cada anualidade, mostrando os resultados dos indicadores que foron sinalados pola Comisión Avaliadora do proxecto Campus Terra para testar o funcionamento do mesmo.

A memoria anual de actividades e o informe de impacto económico do Campus Terra na provincia de Lugo estará a disposición na páxina web do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra/transparencia>).

Este ano rematouse o estudo que contén o primeiro cálculo do impacto económico do Campus Terra na súa contorna máis próxima, e dicir na provincia de Lugo. Este estudo levouno a cabo o Grupo de Análise e Modelización Económica da USC en Lugo (GAME), co obxectivo de cuantificar o impacto económico directo, indirecto e inducido do Campus Terra na súa contorna empregando a Metodoloxía *imput-output*. Para levar a cabo o estudo realizáronse enquisas ao sector alumnado (636 enquisas), PDI (130), PTXAS (65) e 14 PI (persoal investigador), contabilizándose os gastos realizados pola Institución e por cada un dos colectivos descritos.

O valor total da produción vinculada a Campus Terra foi superior a 75 millóns de euros, sendo o 57 % vinculada as actividades dos estudantes. Por cada euro de gasto xéranse 1,92 €, o cal é un factor multiplicador importante. O VEB é de 50 millóns de euros cun factor multiplicador de 1,64 €, xerando 878 postos de traballo cun factor multiplicador de 1,55. Os datos revelan que o retorno que se consegue é moi importante e similar a estudos realizados en outras universidades españolas de maior tamaño (Universidade de Barcelona, Madrid ou Valencia), tendo en conta que aquí só se está a contabilizar un campus non central da USC. Estes datos xustifican claramente a existencia do Campus Terra e a importancia económica que ten para a provincia de Lugo. No documento **«Outra documentación de soporte» - Información Pública e Transparencia** pode consultarse o estudo completo.

Despois de case 10 anos da posta en marcha deste campus de especialización en Lugo, conséntase a revitalización do Campus en canto ao incremento no número de estudantes nos últimos anos. No curso 2024/25 o incremento no número de estudantes de grao matriculados en primeiro curso foi dun 3,7 %, 2 puntos por riba da porcentaxe de crecemento ocorrida no Campus de Santiago de Compostela. Do mesmo modo, nos últimos dous anos o crecemento na estabilización de profesorado, de persoal de xestión e de captación de investigadores/as mozos e mozas sufriu un incremento significativo, así como as inversións en infraestruturas no Campus Terra de Lugo. Este feito, á súa vez, actúa como factor de desenvolvemento cultural, científico, educativo e económico na nosa contorna.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



CAMPUS  
TERRA

